


RESULTADOS TÉCNICO-ECONÓMICOS DAS EXPLOTACIÓNS DE VACÚN DE LEITE EN GALICIA 2011

Fernando Barbeyto Nistal e Claudio López Garrido
CENTRO DE INVESTIGACIÓNS AGRARIAS DE MABEGONDO



Edita: Xunta de Galicia. Consellería do Medio Rural e do Mar
Lugar: Santiago de Compostela
Fotografías: Claudio López Garrido
Ano: 2013

RESULTADOS TÉCNICO-ECONÓMICOS DAS EXPLOTACIÓNS DE VACÚN DE LEITE EN GALICIA 2011

Fernando Barbeyto Nistal

Claudio López Garrido

CENTRO DE INVESTIGACIÓNS AGRARIAS DE MABEGONDO

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR
Santiago de Compostela
2013

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	7
1. XENERALIDADES	9
1.1. Evolución da produción e do número de explotacións	11
1.2. Prezo do leite	13
2. RESULTADOS DAS EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS GALEGAS EN 2011	17
3. EVOLUCIÓN DOS RESULTADOS (2007–2011)	23
4. ANÁLISE DOS GRUPOS DAS EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS GALEGAS EN 2011	29
4.1. Resultados técnicos	31
4.2. Resultados económicos	31
5. EVOLUCIÓN DOS CUSTOS DE PRODUCCIÓN (2010-2011)	35
6. RESULTADOS EN FUNCIÓN DO TAMAÑO, DA INTENSIFICACIÓN E DOS PREZOS	41
6.1. Resultados en función do tamaño do rabaño	43
6.2. Resultados por tamaño da Superficie Agraria Útil	47
6.3. Resultados por volume do leite comercializado	51
6.4. Resultados en función da carga gandeira	55
6.5. Resultados en función do rendemento leiteiro	59
6.6. Resultados en función da produción por unidade de superficie	63
6.7. Resultados en función do uso do concentrado	67
6.8. Resultados en función do prezo do leite	71
6.9. Resultados en función do prezo do concentrado	75
7. AS EXPLOTACIÓNS GALEGAS NO MARCO EUROPEO	79
7.1. Comparación xeral entre as explotacións convencionais	81
7.2. Comparación entre as explotacións convencionais de diferentes países	85
7.3. Evolución dos resultados da EDF (2008-2011)	88
7.4. A produción ecolóxica de leite	90
7.5. Metodoloxía EDF para a comparación dos custos de produción	95
CONCLUSIÓNS	101

INTRODUCCIÓN

Os resultados técnico-económicos do exercicio de 2011 que se presentan nesta memoria foron elaborados a partir da información facilitada voluntariamente por aquelas Axes (Agrupacións de Xestión) que seguen a prestar asistencia técnica e contable aos seus asociados, unha vez rematado o programa de xestión de explotacións de leite en Galicia.

Os datos relativos á cota láctea das explotacións son os oficiais do final da campaña 2011-2012 e, polo tanto, reflicten a distribución da cota o 31 de marzo de 2012.

Os datos proceden de 163 explotacións de vacún de leite de toda Galicia no período que abrangue de xaneiro a decembro de 2011. A súa distribución, en función do volume da produción, mostra que, agás nos dous primeiros estratos (Táboa 1), o tamaño medio das explotacións do grupo de Axes se aproxima bastante ao da distribución da cota láctea galega. A produción media por explotación nas Axes aumentou un 6 % respecto á de 2010.¹

Táboa 1. Distribución da cota láctea galega e da produción das explotacións das Axes en 2011

Cota ou produción/ explotación	Distribución da cota de Galicia				Distribución da produción das Axes					
	Explotacións		Cota total		Cota por explotación	Explotacións		Produción total		Produción por explotación
t	nº	%	t	%	kg	nº	%	1.000 L	%	L
<100	5.599	44,4	271.946	12,0	48.570	2	1,2	180	0,2	90.427
100 - 299	4.804	38,1	841.683	37,2	175.205	41	25,2	8.836	9,2	215.520
300 - 599	1.690	13,4	687.415	30,3	406.755	67	41,1	29.698	30,9	443.257
600 - 1.199	447	3,5	352.401	15,6	788.369	38	23,3	32.310	33,6	850.291
≥1.200	68	0,5	111.656	4,9	1.641.993	15	9,2	25.060	26,1	1.670.712
Total	12.608	100	2.265.100	100	179.656	163	100	96.084	100	589.492

¹ Consellería do Medio Rural e do Mar. *Resultados técnico-económicos das explotacións de vacún de leite en Galicia. 2010*. Xunta de Galicia. 2012

1.

GENERALIDADES




1.1. Evolución da produción de leite e do número de explotacións

Na campaña de 2011-2012, que rematou o 31 de marzo de 2012, desapareceron en Galicia 324 explotacións leiteiras, número algo inferior ao do ano anterior, aínda que para ter unha cifra máis próxima da real teríase que incluír parte das 3.303 cesións temporais que se produciron nese período, pois moitas desas explotacións deixaron de producir leite. Considerando conxuntamente ambas as dúas cifras, teríase, en termos absolutos, un número de abandonos reais semellante aos das campañas 2000-2001 e 2001-2002, aínda que porcentualmente superior por ser menor o número de explotacións existentes.

Por outra parte, a cota total de Galicia diminuíu en 14.394 t, o que supón unha contracción do 0,6% respecto do ano anterior e que corresponde a explotacións ás que se lle reduciu ou anulou a cota porque nas últimas dúas campañas deixaron de producir ou as súas entregas foron inferiores ao 85% da cantidade de referencia. A cota media por explotación aumentou en 3.388 kg, o que representa un incremento do 1,9%. (Gráfico 1 e Táboa 2).

Gráfico 1. Evolución do número de explotacións e da cota/explotación (kg) en Galicia



Ademais da desaparición de explotacións están as transferencias de cota dos estratos inferiores aos superiores, aínda que a variación foi pequena. De facto, as explotacións de menos de 100 t de cota pasaron de representar o 45,5% das totais e de dispor do 12,4% da cota total na campaña 2010-2011 a ser o 44,4% das totais co 12,1% da cota total na de 2011-2012, e as explotacións de máis de 300 t de cota pasaron do 17,2% ao 17,5% e a súa cota do 50,6% ao 50,9% (Gráficos 2 e 3). Aínda que a tendencia xeral sexa a concentración da produción de leite nun número de explotacións cada vez menor e con rabaños máis grandes, as cifras apenas evolucionaron nestes dous últimos anos, o que parece ser consecuencia da crise económica. A falta

de alternativas de emprego noutros sectores está a retardar a reestruturación do sector, mesmo se os resultados económicos non experimentan mellora algunha.

Táboa 2. Evolución da cota e do número de explotacións leiteiras por estrato de tamaño

Cota	2010				2011			
	Explotacións		Cota total		Explotacións		Cota total	
	Nº	%	kg	%	Nº	%	kg	%
< 39.999	2.554	19,7	54.146.392	2,4	2.361	18,7	51.012.906	2,3
40.000 - 99.999	3.331	25,8	227.089.908	10,0	3.238	25,7	220.932.990	9,8
100.000 - 149.999	1.957	15,1	240.340.048	10,5	1.944	15,4	239.043.789	10,6
150.000 - 299.999	2.867	22,2	603.056.025	26,5	2.860	22,7	602.638.986	26,6
300.000 - 599.999	1.708	13,2	693.941.532	30,4	1.690	13,4	687.415.150	30,3
600.000 - 1.199.999	452	3,5	356.896.227	15,7	447	3,5	352.400.789	15,6
1.200.000 - 2.399.999	55	0,4	80.135.683	3,5	60	0,5	87.767.567	3,9
≥ 2.400.000	8	0,1	23.887.989	1,0	8	0,1	23.887.989	1,1
TOTAL	12.932	100	2.279.493.804	100	12.608	100	2.265.100.166	100
Cota media (kg/explotación)			176.268				179.656	

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar

Gráfico 2. Evolución da distribución das explotacións (%) en Galicia por estratos de tamaño de cota por explotación






Gráfico 3. Evolución da distribución da cota (%) en Galicia por estratos de tamaño de cota por explotación

1.2. Prezo do leite

A serie de prezos do leite percibidos polos produtores, obtida mediante unha enquisa, e que viña publicando a Consellería do Medio Rural e do Mar, interrompeuse temporalmente en 2010. Isto obrigou a tomar como referencia a información do FOGGA sobre prezos do leite pagados polos compradores porque as diferenzas son mínimas, mesmo en cada estrato.

O prezo do leite en Galicia en 2011 foi superior ao de 2010 ao longo de todo o ano e, salvo nos dous primeiros meses, tamén ao de 2009. O aumento do prezo medio anual foi do 7,1%, pois pasou de 28,9 a 30,95 €/100 L. A evolución do prezo do leite en 2011 é semellante á de 2010 aínda que con valores medios mensuais superiores, o que explica, en boa medida, os resultados económicos das explotacións (Gráfico 4).


Gráfico 4. Evolución do prezo do leite (€/100 L) en Galicia (2009-2011)

Fonte: Instituto Galego de Estatística e Observatorio Galego do Sector Lácteo

Como en anos anteriores, o prezo medio do leite en Galicia segue a ser inferior ao de España. Porén, a diferenza media anual tende a reducirse. En 2011 foi de 1,28 €/100 L, entanto en 2010 era de 1,36 €/100 L e en 2009 de 1,92 €/100 L. Alcanzouse a máxima diferenza en decembro (1,73 €/100 L) e a mínima en xaneiro (1,10 €/100 L), sendo en ambos os dous casos inferiores ás de 2010 e 2009.

O prezo non tivo grandes oscilacións ao longo do ano, aínda que a partir de xullo rexistrou un incremento que se prolongaría ata novembro-décembro de 2011, en que alcanzou o máximo. Esta tendencia é semellante á seguida polo prezo en España e, en xeral, en Europa. O máis salientable é que o prezo medio europeo, que historicamente foi sempre inferior ao español e ao galego, a partir de xuño de 2010 é superior a eles. Aínda que a metodoloxía de cálculo sexa diferente, iso non impide apreciar a deterioración da relación entre o noso prezo do leite e o europeo ² (Gráfico 5).


Gráfico 5. Evolución do prezo do leite en Galicia, España e a UE (2009 -2011)



Fonte: MAPA, Observatorio do Sector Lácteo e LTO Nederland

A evolución do prezo do leite na UE, segundo os datos de LTO Nederland, parece seguir unha tendencia semellante á dos EUA e Nova Zelandia ata 2011, aínda que con menos oscilacións. A partir de agosto de 2011, nos EUA prodúcese un descenso do prezo, que non se comezará a recuperar ata o mes de outubro; mentres que na UE o prezo inicia unha remontada no mes de abril de 2011 para retroceder a partir de setembro. En Nova Zelandia, o prezo do leite só en xaneiro de 2011 chegou a estar por riba do da UE (Gráfico 6).

² O prezo do leite estimado por LTO Nederland calcúlase en €/100 kg para un leite homoxeneizado ao 4,2% de graxa e 3,4% de proteína, con menos de 25.000 bacterias e de 250.000 células somáticas e un volume anual de leite comercializado de 500.000 kg.

Gráfico 6. Evolución do prezo do leite (€/100 kg) en Nova Zelandia, EUA e UE (2009-2011)

Fonte: LTO Nederland

A distribución das explotacións en función da súa produción e do prezo do leite mostra que os prezos medios, máximos e mínimos en 2011 foron superiores aos de 2010 en todos os estratos.

A diferenza entre o prezo medio do estrato superior e o do inferior en 2011 foi menor que a de 2010 (3,92 vs. 4,63 €/100) e que a dos anos anteriores.

Igual que en 2010, aproximadamente o 83 % das explotacións, que comercializa arredor do 49% do leite de Galicia, recibiu un prezo inferior ao da media xeral (Táboa 3).



Táboa 3. Prezo do leite (€/100 L) e número de explotación segundo a produción en 2010-2011

Ano	L/explotación	≤ 100.000	100.001-200.000	200.001-300.000	300.001-400.000	400.001-700.000	> 700.000	Total
2010	Nº explotacións	5.886	3.228	1.598	859	1.029	332	12.932
	Prezo medio	26,22	27,46	28,60	29,45	30,13	30,85	28,90
	Prezo máximo	28,28	29,60	30,62	31,28	31,96	32,38	30,87
	Prezo mínimo	25,26	26,58	27,72	28,50	29,12	29,71	27,95
2011	Nº explotacións	5.600	3.204	1.603	844	1.025	332	12.608
	Prezo medio	28,36	29,65	30,64	31,28	31,83	32,28	30,95
	Prezo máximo	29,37	30,81	31,88	32,57	32,98	33,37	32,18
	Prezo mínimo	27,93	29,04	29,93	30,52	31,18	31,52	30,26



2.

RESULTADOS DAS EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS GALEGAS EN 2011



O número de explotacións que participou no estudo de 2011 é algo inferior ao de 2010 (Táboa 4). Aínda que o número de vacas e a superficie non experimentaron ningunha variación, a produción media por explotación aumentou un 5,7% e é moi superior no grupo analizado (585.995 litros) á media galega, aténdenos á cota láctea media por explotación (179.656 kg).

A carga gandeira é idéntica á de 2010 en vacas (1,8 vacas/ha) e algo máis alta en unidades de gando maior (2,75 vs. 2,6 UGM/ha). O rendemento leiteiro foi superior ao do ano anterior (9.442 vs. 8.968 L/vaca) e, polo tanto, tamén o foi a produción de leite por unidade de superficie (17.123 vs. 16.113 L/ha).

Aínda que o consumo de concentrado aumentou (3.028 vs. 2.995 kg/vaca), fíxoo en menor medida que o rendemento leiteiro por vaca, o que supuxo unha mellora da relación entre o consumo de concentrado e a produción de leite, que pasou de 330 g/L en 2010 a 320 g/L en 2011. O gasto en concentrado elevouse (9,34 vs. 8,57 €/100 L) non só polo aumento do seu consumo, senón tamén pola alza do seu prezo (313 vs. 275 €/t), pasando a relación entre o prezo do leite e o do concentrado de 1,16 a 1,07.

Os resultados económicos melloraron en relación aos de 2010 (Táboa 5). Tanto a marxe neta como o beneficio experimentaron un lixeiro aumento debido ao incremento do prezo do leite, malia que o custo de produción aumentou, tanto polo incremento dos custos variables e dos fixos como dos de oportunidade. Dentro destes, os relativos ao traballo familiar e aos capitais propios aumentaron, mentres os da terra apenas variaron.

O 83% das explotacións de 2011 estivo presente na análise de 2010. A evolución deste grupo permanente de 135 explotacións é coincidente coa da totalidade, salvo nos outros custos fixos e no de oportunidade relativo ás terras propias. O número de vacas, a superficie e a carga gandeira apenas aumentaron respecto de 2010, no entanto o rendemento leiteiro experimentou un incremento do 2,4%, que se plasmaría no aumento do leite comercializado por explotación nun 5,1%.

A estabilidade no uso de concentrado por vaca, que apenas variou un 0,5%, e o incremento do rendemento leiteiro nun 2,4% explican que a relación entre consumo de concentrado e produción de leite pasase de 340 a 330 g/L.

En 2011 o prezo medio anual do leite aumentou un 5,8% e o do concentrado un 13,8% respecto do ano anterior. Os custos variables incrementáronse un 7,6%, os fixos un 0,8% e os de oportunidade un 5,8%. O resultado foi un aumento do custo de produción nun 5,6% e dos custos totais nun 6,5%. O produto bruto e a marxe neta aumentaron un 5,6% e o beneficio un 4,4% respecto de 2010.

Táboa 4. Índices técnicos. Valores medios 2010-2011

	2010	2011	2010 - 2011	
Número total de explotacións	178	163		
Número de explotacións comúns			135	
TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS				
SAU (ha)	34,5	34,4	33,0	33,6
Nº de vacas	62,0	62,4	60,8	62,7
Produción comercializada (L/expl.)	554.534	585.995	543.230	570.903
Produción /SAU (L/ha)	16.113	17.123	16.478	17.119
MANEXO DO GANDO				
Vacas/ha	1,8	1,8	1,8	1,9
UGM/ha	2,60	2,75	2,72	2,80
PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO				
Rendemento (L/vaca)	8.968	9.442	8.958	9.169
Concentrado (kg/vaca)	2.995	3.028	3.035	3.050
Concentrado/Leite (g/L)	330	320	340	330
GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 L)				
Compra de concentrado	8,57	9,34	8,45	9,30
Compra de forraxes	0,98	1,35	0,93	1,12
Produción de forraxes propias	2,89	3,24	2,97	3,20
CALIDADE DO LEITE				
% graxa	3,75	3,74	3,74	3,73
% proteína	3,21	3,24	3,21	3,25
Bacterioloxía (000)	22	21	21	20
Células somáticas (000)	241	216	234	218
PREZOS				
Leite (€/100 L)	32,08	33,90	32,18	34,05
Concentrado (€/t)	275	313	275	313
Relación prezos leite/Concentrado	1,16	1,07	1,16	1,08

Táboa 5. Índices económicos. Valores medios 2010-2011

	2010	2011	2010 - 2011	
Número total de explotacións	178	163		
Número de explotacións comúns			135	
RESULTADOS UNITARIOS (€/100 L)				
INGRESOS				
Venda de leite	32,08	33,90	32,18	34,05
Venda de animais	1,94	2,31	1,90	2,25
Variación do inventario	1,01	1,25	0,92	1,14
Outros ingresos	5,5	5,62	5,96	5,82
Produto bruto	40,53	43,08	40,96	43,26
GASTOS VARIABLES				
Compra de gando	0,38	0,36	0,46	0,42
Compra alimentos vacas	9,54	10,69	9,38	10,42
Compra alimentos recría	2,29	2,34	2,16	2,54
Produción propia, forraxes	2,89	3,24	2,97	3,20
Sanidade e reprodución	2,54	2,62	2,67	2,69
Energía e maquinaria	3,20	3,34	3,41	3,38
Total Gastos Variables	20,84	22,59	21,05	22,65
GASTOS FIXOS				
Amortizacións técnicas	2,89	2,93	2,89	2,98
Man de obra retribuída	1,28	1,60	1,28	1,46
Outros custos fixos	4,30	4,38	4,41	4,21
Total Custos Fixos	8,47	8,91	8,58	8,65
Custo de produción	29,31	31,50	29,63	31,30
CUSTOS DE OPORTUNIDADE				
Xuros dos capitais propios	1,96	2,01	1,97	2,05
Renda das terras propias	1,36	1,35	1,32	1,36
Custo do traballo familiar	2,81	3,07	2,87	3,15
Total Custo de Oportunidade	6,14	6,44	6,16	6,56
Custos Totais	35,45	37,94	35,79	37,86
RESULTADOS ECONÓMICOS				
Marxe neta	11,22	11,58	11,33	11,96
Beneficio	5,09	5,14	5,17	5,40
RESULTADOS GLOBAIS (€/explotación)				
Venda de leite	177.887	198.656	174.830	194.370
Produto bruto	224.769	252.420	222.495	246.956
Total Gastos Variables	115.582	132.375	114.333	129.301
Total Custos Fixos	46.956	52.211	46.619	49.394
Custo Total de Produción	162.538	184.587	160.953	178.695
Custo Total de Oportunidade	34.027	37.710	33.475	37.455
Custos Totais	196.565	222.297	194.428	216.150
Marxe neta	62.231	67.833	61.542	68.261
Beneficio	28.203	30.122	28.067	30.806

3.

EVOLUCIÓN DOS RESULTADOS (2007–2011)



A serie de resultados das 12 explotacións que estiveron presentes en todas as análises realizadas entre 2007 e 2011 fornece unha perspectiva da evolución do sector lácteo galego no último lustro (Táboa 6).

A Superficie Agraria Útil das explotacións apenas aumentou un 3,7% mentres o tamaño do rabaño o facía nun 27,3%, aínda que en termos absolutos este incremento é modesto. Entre 2007 e 2011, a carga gandeira, medida tanto en vacas como en UGM, tamén medrou, pasando de 1,8 a 2,2 vacas/ha e de 2,62 a 3,36 UGM/ha.

A produción de leite por vaca apenas aumentou un 1,6% entre 2007 e 2011, mentres o consumo de concentrado descendeu un 11,7% desde 2007, o que revela unha mellora da eficiencia nas explotacións. A evolución de ambas as dúas variables mostra como unha redución do consumo de concentrado non ten por que supor unha baixada do rendemento leiteiro. Así, mentres en 2007 se consumían 3.400 kg/vaca para un rendemento de 9.158 L/vaca, en 2011 obtivéronse 9.302 L/vaca con 3.001 kg/vaca, pasando a relación entre consumo de concentrado e produción de leite de 370 a 320 g/L (Gráfico 7).

O prezo medio anual do leite, despois da suba espectacular de 2007, mantívose alto durante boa parte de 2008, producíndose logo un descenso que se agudizaría en 2009 para comezar a recuperarse en 2010 e, en maior medida, en 2011.

O prezo do concentrado que, despois da suba do 25% en 2008, descendera, aínda que sen alcanzar o nivel de 2007, volveu a elevarse en 2011 ata máximos inéditos. Como consecuencia, a relación entre o prezo do leite e o do concentrado pasou de 1,53 en 2007 a 0,97 en 2011 que é, historicamente, o seu valor mínimo.

A consecuencia da variación do prezo do leite, o produto bruto, que se elevara considerablemente en 2007 e 2008, e sufrira un agudo descenso en 2009, comezaría a recuperarse en 2010 e consolidaríase en 2011, tanto pola venda de leite como pola de animais.

Entre 2007 e 2011, os custos variables aumentaron un 30,4% e os de oportunidade un 68%, mentres os fixos se reduciron un 4,4%. Iso significou un aumento do 20,9% do custo de produción e do 26,2% dos custos totais no mesmo período (Táboa 7).

Entre 2007 e 2011 a marxe neta diminuíu un 55,1%, malia a mellora que experimentara en 2010. Outro tanto aconteceu co beneficio que nese mesmo período se reduciu un 82,2% debido á evolución de custos e ingresos (Gráfico 8).

Táboa 6. Evolución dos índices técnicos da mostra permanente

	2007	2008	2009	2010	2011
Número de explotacións	12	12	12	12	12
TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS					
SAU media (ha)	29,8	29,5	29,5	29,9	30,9
Nº medio de vacas	53,5	56,7	59,8	64,0	68,1
Produción media comercializada (L)	489.014	521.085	548.744	590.750	633.299
Produción /SAU (L/ha)	16.419	17.675	18.613	19.747	20.484
MANEXO DO GANDO					
Vacas/ha	1,8	1,9	2,0	2,1	2,2
UGM/ha	2,62	2,84	3,03	3,26	3,36
PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO					
Rendemento (L/vaca)	9.158	9.192	9.179	9.232	9.302
Concentrado (kg/vaca)	3.400	3.341	3.264	3.039	3.001
Concentrado/Leite (g/L)	370	360	360	330	320
GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 L)					
Compra de concentrado	10,07	12,25	10,42	9,82	11,66
Compra de forraxes	0,82	0,59	0,58	1,45	1,94
Produción de forraxes propias	3,63	4,26	3,77	3,81	4,79
CALIDADE DO LEITE					
% graxa	3,76	3,75	3,61	3,61	3,63
% proteína	3,22	3,18	3,19	3,24	3,24
Bacterioloxía (000)	13	16	18	17	18
Células (000)	194	219	212	202	195
PREZOS					
Leite (€/100 L)	40,47	40,53	29,75	31,91	34,14
Concentrado (€/t)	263	329	281	288	352
Relación prezos leite/Concentrado	1,53	1,23	1,05	1,10	0,97

Táboa 7. Evolución dos índices económicos da mostra permanente

	2007	2008	2009	2010	2011
Explotacións	12	12	12	12	12
RESULTADOS UNITARIOS (€/100 L)					
INGRESOS					
Venda de leite	40,47	40,53	29,75	31,91	34,14
Venda de animais	1,88	1,69	1,98	1,73	2,26
Variación do inventario	1,37	0,95	2,06	1,06	1,32
Total outros ingresos	5,53	6,25	7,07	7,13	6,34
Produto bruto	49,25	49,41	40,86	41,83	44,06
GASTOS VARIABLES					
Compra de gando	0,77	1,03	0,58	0,05	0,16
Compra alimentos vacas	10,89	12,25	11,00	11,27	13,60
Compra alimentos recría	1,03	1,18	1,13	3,00	3,29
Produción propia, forraxes	3,63	4,26	3,77	3,81	4,79
Sanidade e reprodución	2,81	2,85	2,79	2,57	2,44
Energía e maquinaria	1,85	2,15	1,97	3,49	3,08
Total Gastos Variables	20,98	24,30	21,22	24,19	27,36
GASTOS FIXOS					
Amortizacións técnicas	1,77	1,79	1,98	1,88	2,00
Man de obra retribuída	0,37	0,78	1,07	1,03	1,14
Outros custos fixos	5,8	6,51	7,17	4,83	4,44
Total Custos Fixos	7,93	9,07	10,23	7,74	7,58
Custo de produción	28,91	33,37	31,45	31,93	34,94
CUSTOS DE OPORTUNIDADE					
Xuros dos capitais propios	0,13	0,78	0,80	2,08	2,14
Renda das terras propias	1,46	1,13	1,17	1,10	1,17
Custo do traballo familiar	2,06	2,19	2,62	2,44	2,84
Custo Total de Oportunidade	3,66	4,10	4,59	5,62	6,15
Custos Totais	32,57	37,47	36,04	37,55	41,09
RESULTADOS ECONÓMICOS					
Marxe neta	20,33	16,04	9,41	9,90	9,12
Beneficio	16,68	11,94	4,81	4,28	2,97
RESULTADOS GLOBAIS (€/explotación)					
Venda de leite	197.901	211.188	163.261	188.508	216.235
Produto bruto	240.828	257.489	224.205	247.120	279.061
Total Gastos Variables	102.599	126.644	116.469	142.913	173.278
Total Custos Fixos	38.799	47.267	56.116	45.726	48.003
Custo Total de Produción	141.398	173.912	172.584	188.638	221.281
Custo Total de Oportunidade	17.882	21.371	25.206	33.182	38.975
Custos Totais	159.280	195.283	197.790	221.820	260.256
Marxe neta	99.430	83.577	51.621	58.481	57.781
Beneficio	81.547	62.206	26.414	25.299	18.806

Gráfico 7. Evolución da SAU, número de vacas, produción de leite e consumo de concentrado por vaca (2007-2011)





Gráfico 8. Evolución dos custos variables, fixos, marxe neta e prezo do leite (2007-2011)



4.

ANÁLISE DOS GRUPOS DAS EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS EN 2011



Para explicar as diferenzas entre explotacións realizouse unha análise de grupos mediante a comparación dos resultados medios da totalidade cos dous grupos de cabeza e cola que reúnen, respectivamente, o 25% das explotacións con mellores resultados e o 25% que obtén os peores. O criterio utilizado para ordenar as explotacións e definir os grupos en función dos resultados económicos é a relación porcentual entre o custo total de produción e o produto bruto da explotación.

4.1. Resultados técnicos

As 40 explotacións que forman o grupo de cabeza teñen unha superficie algo menor que as de cola, (30,9 vs. 36,9 ha), un número de vacas un pouco inferior (58,7 vs. 65,4 vacas) e, polo tanto, unha carga gandeira lixeiramente máis baixa, tanto en vacas (1,9 vs. 1,8 vacas/ha) como en UGM (2,74 vs. 2,65 UGM/ha), e un volume de produción comercializada tamén algo menor (545.046 vs. 568.269 L/explotación). En calquera caso, as diferenzas de tamaño son mínimas (Táboa 8).

O grupo de cabeza ten un rendemento leiteiro máis alto (9.331 vs. 8.729 L/vaca), aínda que inferior ao da media; unha produción por unidade de superficie maior (17.739 vs. 15.453 L/ha) e unha relación mellor entre concentrado consumido e produción de leite (330 vs. 350 g/L), aínda que máis alta que a da media (Gráfico 9).

Como nas explotacións de cabeza o prezo do leite foi superior e o do concentrado inferior, a relación entre ambos os dous prezos (1,23 vs. 1,06) foi vantaxosa para este grupo no que o consumo de concentrado foi, porén, máis alto (3.120 vs. 3024 kg/vaca).

4.2. Resultados económicos

Os ingresos unitarios procedentes da venda do leite son superiores no grupo de cabeza (34,85 vs. 33,31 €/100 L) e tamén o produto bruto (44,22 vs. 41,44 €/100 L), mais as cifras por explotación por estes mesmos conceptos son bastante parecidas en ambos os dous grupos (Táboa 9).

Tanto os custos variables (18,06 vs. 27,31 €/100 L) como os fixos (8,12 vs. 10,39 €/100 L) e os de oportunidade (6,16 vs. 6,89 €/100 L) foron inferiores no grupo de cabeza e, en consecuencia, tamén o foron os custos de produción (26,18 vs. 37,70 €/100 L) e os totais (32,34 vs. 44,59 €/100 L). O resultado final foi unha marxe neta moi superior (18,05 vs. 3,74 €/100 L) e un beneficio de 11,89 €/100 L no grupo de cabeza fronte a unha perda de 3,14 €/100 L no de cola. As diferenzas son constatables tanto en termos relativos como nos globais por explotación (Gráfico 10).

Os resultados mostran que para a rendibilidade dunha explotación é tan importante o control dos custos de produción como o prezo do leite ou os ingresos. Así, a diferenza entre o produto bruto do grupo de cabeza e o de cola é de 2,78 €/100 L, mentres a existente entre os custos totais de ambos os dous grupos elévase a 12,25 €/100 L. En definitiva, as explotacións de cabeza teñen mellores resultados porque están mellor xestionadas desde o punto de vista económico e son, tecnicamente, máis eficientes, o que lles permite unha maior intensificación produtiva.

Táboa 8. Índices técnicos en 2011

	Media Xeral	G. Cabeza	G. Cola
Número de explotacións	163	40	40
TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS			
SAU (ha)	34,4	30,9	36,9
Nº de vacas	62,4	58,7	65,4
Produción comercializada (L)	585.995	545.046	568.269
Produción /SAU (L/ha)	17.123	17.739	15.453
MANEXO DO GANDO			
Vacas/ha	1,8	1,9	1,8
UGM/ha	2,75	2,74	2,65
PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO			
Rendemento (L/vaca)	9.442	9.331	8.729
Concentrado (kg/vaca)	3.028	3.120	3.024
Concentrado/Leite (g/L)	320	330	350
GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 L)			
Compra de concentrado	9,34	6,75	11,89
Compra de forraxes	1,35	0,68	1,73
Produción de forraxes propias	3,24	1,56	3,72
CALIDADE DO LEITE			
% graxa	3,74	3,72	3,77
% proteína	3,24	3,24	3,30
Bacterioloxía (000)	21	20	21
Células somáticas (000)	216	219	225
PREZOS			
Leite (€/100 L)	33,90	34,85	33,31
Concentrado (€/t)	313	281	314
Relación prezos leite/Concentrado	1,07	1,23	1,06

Táboa 9. Índices económicos en 2011

	Media Xeral	G. Cabeza	G. Cola
Número de explotacións	163	40	40
RESULTADOS UNITARIOS (€/100 L)			
INGRESOS			
Venda de leite	33,90	34,85	33,31
Variación do inventario	1,25	1,57	0,63
Venda de animais	2,31	2,11	2,44
Outros ingresos	5,62	5,70	5,07
Produto bruto	43,08	44,22	41,44
GASTOS VARIABLES			
Compra de gando	0,36	1,16	0,25
Compra alimentos vacas	10,69	7,43	13,26
Compra alimentos recría	2,34	3,03	2,40
Produción propia, forraxes	3,24	1,56	3,72
Sanidade e reprodución	2,62	2,48	3,11
Enerxía e maquinaria	3,34	2,40	4,21
Total Gastos Variables	22,59	18,06	27,31
GASTOS FIXOS			
Amortizacións técnicas	2,93	2,67	3,29
Man de obra retribuída	1,60	1,44	2,05
Outros custos fixos	4,38	4,01	5,06
Total Custos Fixos	8,91	8,12	10,39
Custo de produción	31,50	26,18	37,70
CUSTOS DE OPORTUNIDADE			
Xuros dos capitais propios	2,01	1,58	2,27
Renda das terras propias	1,35	1,28	1,45
Custo do traballo familiar	3,07	3,30	3,17
Total Custo de Oportunidade	6,44	6,16	6,89
Custos Totais	37,94	32,34	44,59
RESULTADOS ECONÓMICOS			
Marxe neta	11,58	18,05	3,74
Beneficio	5,14	11,89	-3,14
RESULTADOS GLOBAIS (€/explotación)			
Venda de leite	198.656	189.953	189.262
Produto bruto	252.420	241.038	235.514
Total Gastos Variables	132.375	98.408	155.173
Total Custos Fixos	52.211	44.266	59.067
Custo Total de Produción	184.587	142.675	214.241
Custo Total de Oportunidade	37.710	33.562	39.142
Custos Totais	222.297	176.237	253.382
Marxe neta	67.833	98.362	21.273
Beneficio	30.122	64.801	-17.869

Gráfico 9. SAU, número de vacas, produción de leite e consumo de concentrado por vaca dos grupos de cabeza e cola e media xeral






Gráfico 10. Custos variables, fixos e marxe neta dos grupos de cabeza e cola e media xeral



5.

EVOLUCIÓN DOS CUSTOS DE PRODUCCIÓN 2010-2011



As 135 explotacións que estiveron presentes, tanto na análise de 2009 como na de 2010, foron ordenadas en función da variación experimentada pola relación entre o custo de produción (sen considerar os custos de oportunidade) e o produto bruto, tal como se ten feito na análise de anos anteriores. O grupo das explotacións que reduciron esa relación de 2010 a 2011 foi denominado "grupo de redución" e os que a aumentaron, "grupo de incremento".

O prezo medio anual do leite e o produto bruto aumentaron en ambos os dous grupos e en maior medida no grupo de redución. Salvo a compra de alimentos para as vacas e a recría, os demais custos diminuíron no grupo de redución, mentres no de incremento aumentaron todos, agás os outros custos fixos e os de oportunidade relativos á terra propia e ao traballo familiar. Os custos variables, os fixos, os de produción e os totais, que eran superiores no grupo de redución en 2010, pasaron a ser inferiores aos do grupo de incremento en 2011.

O resultado final foi un aumento importante na marxe neta e no beneficio no grupo de redución e unha diminución en ambos os dous conceptos no grupo de incremento, tanto en termos unitarios como nas cifras globais por explotación (Táboa 10).

No grupo de redución, a diminución dos custos afectou os fixos (-4,6%) e os de oportunidade (-5,4%), mais os variables apenas descendieron (-0,7%). No grupo de incremento os custos variables subiron un 18,6%, os fixos un 4,8% e os de oportunidade non variaron (0,1%) (Gráfico 11).

O grupo de redución, cunha superficie algo maior que o grupo de incremento (37,3 vs. 32,6 ha) e un número de vacas algo superior (67,8 vs. 60,1 vacas), ten unha carga gandeira semellante, tanto en vacas (1,8 vacas/ha) como en UGM (2,85 vs. 2,81 UGM/ha). O rendemento leiteiro é parecido en ambos os dous grupos (9.228 vs. 9.267 L/vaca), así como o consumo de concentrado por vaca (3.184 vs. 3.017 kg/vaca). A relación entre consumo de concentrado e produción de leite é mellor no de incremento (330 vs. 340 g/L), aínda que no grupo de redución se observa unha mellora respecto do ano anterior e no de incremento no se produce ningunha variación (Táboa 11).

A produción total de leite comercializado é superior no grupo de redución (622.414 vs. 556.013 L), e a relación entre o prezo do leite e o do concentrado máis favorable (1,17 vs. 0,98), mentres a produción por unidade de superficie é algo maior no de incremento (17.064 vs. 16.792 L/ha).

A carga gandeira aumentou lixeiramente no grupo de redución, ao contrario do que aconteceu no de incremento. O consumo de concentrado subiu algo máis no de grupo de redución (2,8 vs. 1,9%) e o rendemento por vaca no de incremento (3,7 vs. 3,1%). Iso significou a mellora da relación entre consumo de concentrado e produción de leite (-2,9%) no grupo de redución, no entanto mantíñase constante no de incremento.

Tanto as explotacións do grupo de incremento como as do de redución intensificáronse e aumentaron a produción por unidade de superficie mediante o incremento do rendemento leiteiro e do consumo de concentrado por vaca; mais o grupo de redución tivo un maior control dos gastos, sobre todo na alimentación das vacas e no custo do traballo, e veuse favorecido por un prezo do concentrado inferior e por uns ingresos non procedentes do leite superiores. Neste sentido, a evolución do custo do traballo e do prezo do concentrado é moi indicativa (Gráfico 12).

O máis salientable é que en 2010 as explotacións do grupo de incremento case dobraban a marxe neta das de redución en termos unitarios (7,67 vs. 14,35 €/100L) e o seu beneficio era moi superior (16,10 vs. 1,04 €/100L). O descenso en ambos os dous resultados no grupo de incremento contrasta co aumento destes no grupo de redución, onde a marxe neta pasa de 7,67 a 12,81 €/100L e o beneficio de 1,04 a 6,55 €/100L. Isto pódese apreciar de forma aínda máis acentuada nos resultados globais. Mentres no grupo de incremento a marxe neta se reduce nun 27,2% e o beneficio nun 53,9%, no de redución esas mesmas variables aumentan un 61,9% e un 584,3%, respectivamente.



Táboa 10. Evolución dos resultados económicos nos grupos con incremento e redución dos custos de produción

	Grupo de Incremento			Grupo de Redución			Media Xeral		
	2010	2011	(%)	2010	2011	(%)	2010	2011	(%)
Número de explotacións	48	48		48	48		96	96	
RESULTADOS UNITARIOS (€/100 L)									
INGRESOS									
Venda do leite	32,82	34,33	4,4	31,60	33,49	6,0	32,19	33,89	5,3
Venda de animais	1,84	2,05	11,4	1,80	2,25	25,0	1,82	2,15	18,1
Variación do inventario	1,13	1,05	-7,1	0,76	1,36	78,9	0,94	1,21	28,7
Outros ingresos	7,18	5,44	-24,2	4,57	6,19	35,4	5,83	5,84	0,2
Produto bruto	42,97	42,87	-0,2	38,72	43,29	11,8	40,78	43,09	5,7
Venda leite/Produto bruto (%)	76,3	80,0	4,8	81,6	77,3	-5,3	78,9	78,6	-0,4
CUSTOS VARIABLES									
Compra de gando	0,27	0,43	59,3	0,66	0,59	-10,6	0,47	0,52	10,6
Compra alimentos vacas	9,32	11,27	20,9	9,14	9,44	3,3	9,23	10,31	11,7
Concentrados	8,53	10,20	19,6	8,04	8,21	2,1	8,28	9,15	10,5
Forraxes	0,79	1,07	35,4	1,11	1,23	10,8	0,95	1,15	21,1
Compra alimentos recría	2,14	2,61	22,0	2,34	2,62	12,0	2,24	2,61	16,5
Produción propia de forraxes	2,53	3,24	28,1	3,41	3,03	-11,1	2,98	3,13	5,0
Sanidade e reprodución	2,42	2,70	11,6	2,87	2,75	-4,2	2,65	2,73	3,0
Enerxía e maquinaria	3,38	3,55	5,0	3,55	3,38	-4,8	3,46	3,46	0
Total Gastos Variables	20,06	23,80	18,6	21,96	21,81	-0,7	21,04	22,75	8,1
CUSTOS FIXOS									
Amortizacións técnicas	2,87	3,02	5,2	3,00	2,91	-3,0	2,94	2,96	0,7
Man de obra retribuída	1,49	1,85	24,2	1,40	1,32	-5,7	1,44	1,57	9,0
Outros custos fixos	4,19	4,09	-2,4	4,69	4,44	-5,3	4,46	4,28	-4,0
Total Custos Fixos	8,56	8,97	4,8	9,09	8,67	-4,6	8,83	8,81	-0,2
Custo de produción	28,62	32,77	14,5	31,06	30,47	-1,9	29,87	31,56	5,7
CUSTOS DE OPORTUNIDADE									
Xuros dos capitais propios	1,95	2,06	5,6	2,07	1,99	-3,9	2,01	2,02	0,5
Renda das terras propias	1,38	1,38	0	1,40	1,38	-1,4	1,39	1,38	-0,7
Custo do traballo familiar	3,35	3,24	-3,3	3,15	2,89	-8,3	3,25	3,05	-6,2
Total Custo de Oportunidade	6,67	6,68	0,1	6,62	6,26	-5,4	6,64	6,46	-2,7
Custos Totais	35,29	39,45	11,8	37,68	36,73	-2,5	36,51	38,02	4,1
RESULTADOS GLOBAIS (€/explotación)									
Venda de leite	176.409	190.906	8,2	180.680	208.454	15,4	178.545	199.680	11,8
Produto bruto	230.963	238.389	3,2	221.429	269.417	21,7	226.196	253.903	12,2
Total Gastos Variables	107.807	132.346	22,8	125.597	135.727	8,1	116.702	134.037	14,9
Total Custos Fixos	46.003	49.846	8,4	51.998	53.946	3,7	49.001	51.896	5,9
Custo Total de Produción	153.811	182.193	18,5	177.596	189.674	6,8	165.703	185.933	12,2
Custo Total de Oportunidade	35.859	37.144	3,6	37.871	38.954	2,9	36.855	38.049	3,2
Custos Totais	189.670	219.337	15,6	215.467	228.628	6,1	202.558	223.982	10,6
Marxe neta	77.159	56.196	-27,2	43.832	79.743	81,9	60.492	67.970	12,4
Beneficio	41.293	19.051	-53,9	5.961	40.789	584,3	23.636	29.920	26,6

Táboa 11. Evolución dos índices técnicos nos grupos de incremento e redución dos custos de produción

	Grupo de Incremento			Grupo de Redución			Media Xeral		
	2010	2011	(%)	2010	2011	(%)	2010	2011	(%)
Número de explotacións	48	48		48	48		96	96	
TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS									
SAU (ha)	32,1	32,6	1,6	36,8	37,3	1,4	34,5	34,9	1,2
Nº de vacas	60,2	60,1	-0,2	64,1	67,8	5,8	62,1	64,0	3,1
Produción comercializada (L/expl.)	537.511	556.013	3,4	571.844	622.414	8,8	554.677	589.213	6,2
Produción/SAU (L/ha)	16.737	17.064	2,0	15.578	16.792	7,8	16.118	16.919	5,0
MANEXO DO GANDO									
Vacas/ha	1,9	1,8	-5,3	1,7	1,8	5,9	1,8	1,8	0
UGM/ha	2,77	2,81	1,4	2,70	2,85	5,6	2,74	2,83	3,3
PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DE CONCENTRADO									
Rendemento (L/vaca)	8.935	9.267	3,7	8.949	9.228	3,1	8.942	9.240	3,3
Concentrado (kg/vaca)	2.960	3.017	1,9	3.097	3.184	2,8	3.029	3.100	2,3
Concentrado/produción leite (g/L)	330	330	0	350	340	-2,9	340	340	0
GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 L)									
Compra concentrado	8,53	10,20	19,6	8,04	8,21	2,1	8,28	9,15	10,5
Compra de forraxes	0,79	1,07	35,4	1,11	1,23	10,8	0,95	1,15	21,1
Produción forraxes propias	2,53	3,24	28,1	3,41	3,03	-11,1	2,98	3,13	5,0
CALIDADE DO LEITE									
% graxa	3,77	3,77	0	3,73	3,71	-0,5	3,75	3,74	-0,3
% proteína	3,20	3,22	0,6	3,22	3,30	2,5	3,21	3,26	1,6
Bacterioloxía (000)	19	18	-5,3	21	22	4,8	20	20	0
Células somáticas (000)	224	205	-8,5	240	225	-6,3	232	215	-7,3
PREZOS									
Leite (€/100 L)	32,82	34,33	4,6	31,60	33,49	6,0	32,19	33,89	5,3
Concentrado (€/t)	275	348	26,5	274	284	3,6	274	316	15,3
Relación prezos leite/Concentrado	1,19	0,98	-17,6	1,15	1,17	1,7	1,17	1,07	-8,5



Gráfico 11. Custos variables, custos fixos, marxe neta e prezo do leite nos grupos con redución e incremento de custos e media xeral**Gráfico 12.** Prezo do concentrado e custo do traballo (€/100 L) nos grupos con redución e incremento de custos e media xeral

6.

RESULTADOS EN FUNCIÓN DO TAMAÑO, DA INTENSIFICACIÓN E DOS PREZOS



Como en anos anteriores, utilizáronse tres criterios de dimensión para explicar as diferenzas de resultados entre explotacións de diferente tamaño: número de vacas, superficie agraria útil destinada á produción de leite e volume de produción comercializada.

Para mostrar a incidencia da intensificación nos resultados das explotacións seleccionáronse, como criterios de estratificación, a carga gandeira, o rendemento leiteiro das vacas, a produción de leite por unidade de superficie e a relación entre consumo de concentrado e produción de leite.

6.1. Resultados en función do tamaño do rabaño

O número de vacas permite a comparación entre explotacións, mesmo se carecen de terras. Como en anos anteriores, os datos indican que a medida que aumenta o número de vacas tamén o fai a superficie e a carga gandeira. A maior tamaño, maior é a intensificación. Así, os resultados técnicos mostran que existe unha relación positiva entre tamaño do rabaño, superficie, carga gandeira, consumo de concentrado por vaca, rendemento leiteiro e, obviamente, produción comercializada e por unidade de superficie (Táboa 12).

Aínda que a carga gandeira, o rendemento leiteiro e o consumo de concentrado aumentan co tamaño do rabaño, a relación entre consumo de concentrado e produción de leite é idéntica nos dous estratos de menos 50 vacas (340 g/L) e tamén nos dous comprendidos entre 50 e 90 vacas (350 g/L).

Os resultados económicos mostran que as explotacións de ≥ 90 vacas son as que teñen menor produto bruto unitario, malia recibir un prezo do leite que só é inferior ao do estrato de 70-90 vacas, porque os outros ingresos son os máis baixos. As explotacións de menos de 30 vacas son as que teñen un produto bruto máis elevado, grazas aos outros ingresos e ás vendas de animais e malia que a súa variación de inventario é negativa (Táboa 13).

As explotacións de ≥ 90 vacas son as que teñen os custos variables máis baixos e os fixos máis altos, e as de <30 vacas son as que presentan os menores custos de produción. Os custos de oportunidade e os totais diminúen a medida que aumenta o tamaño do rabaño.

Non é clara a relación entre tamaño do rabaño e marxe neta. De feito, o estrato inferior é o que ten unha marxe neta máis alta e o de ≥ 90 vacas a máis baixa. Porén, a relación entre tamaño e beneficio é máis clara, mesmo se no estrato de 70-90 vacas é superior á do ≥ 90 vacas, debido a que os ingresos deste son os máis baixos (Gráfico 14).

Táboa 12. Índices técnicos por número de vacas en 2010

Número de vacas	< 30	30 - 50	50 - 70	70 - 90	≥ 90
Número de explotacións	19	52	44	18	30
TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS					
SAU media (ha)	18,1	26,8	37,9	37,4	51,3
Número medio de vacas	23,3	41,0	58,0	81,4	132,6
Produción comercializada (L/expl.)	169.045	342.088	473.703	766.210	1.329.401
Produción /SAU (L/ha)	9.412	12.896	12.550	20.937	25.950
MANEXO DO GANDO					
Vacas/ha	1,3	1,5	1,5	2,2	2,6
UGM/ha	1,80	2,43	2,41	3,72	3,91
PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO					
Rendemento (L/vaca)	7.310	8.417	8.197	9.625	10.035
Concentrado (kg/vaca)	2.450	2.851	2.891	3.402	3.680
Concentrado/Leite (g/L)	340	340	350	350	370
GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 L)					
Compra de concentrado	10,16	9,57	9,95	10,35	8,49
Compra de forraxes	1,12	0,84	1,06	1,05	1,85
Produción de forraxes propias	4,08	3,74	3,69	3,57	2,59
CALIDADE DO LEITE					
% graxa	3,77	3,80	3,75	3,70	3,65
% proteína	3,11	3,22	3,31	3,24	3,25
Bacterioloxía (000)	26	20	24	19	17
Células somáticas (000)	215	222	213	213	215
PREZOS					
Leite (€/100 L)	33,77	33,52	33,40	34,58	34,11
Concentrado (€/t)	309	304	317	308	333
Relación prezos leite/Concentrado	1,09	1,10	1,05	1,12	1,02



Táboa 13. Índices económicos por número de vacas en 2011

Número de vacas	< 30	30 - 50	50 - 70	70 - 90	≥ 90
Número de explotacións	19	52	44	18	30
INGRESOS (€/100 L)					
Venda de leite	33,77	33,52	33,40	34,58	34,11
Venda de animais	3,26	2,57	2,45	2,00	2,14
Variación do inventario	-0,62	1,02	0,78	1,66	1,60
Outros ingresos	8,91	6,37	6,56	5,46	4,59
Produto bruto	45,32	43,48	43,19	43,70	42,44
GASTOS VARIABLES (€/100 L)					
Compra de gando	0,16	0,22	0,11	0,14	0,65
Compra alimentos vacas	11,28	10,41	11,02	11,39	10,34
Compra alimentos recría	1,72	2,13	2,05	2,97	2,42
Produción propia, forraxes	4,08	3,74	3,69	3,57	2,59
Sanidade e reprodución	2,81	2,72	2,40	2,82	2,62
Enerxía e maquinaria	2,65	3,71	3,69	3,15	3,11
Total Gastos Variables	22,72	22,93	22,96	24,05	21,73
GASTOS FIXOS (€/100 L)					
Amortizacións técnicas	2,56	3,20	2,69	2,52	3,11
Outros custos fixos	4,17	4,25	4,81	3,62	4,49
Man de obra retribuída	0,94	0,92	1,35	1,28	2,20
Total Custos Fixos	7,66	8,37	8,85	7,42	9,80
Custo de produción	30,38	31,30	31,81	31,47	31,53
CUSTOS DE OPORTUNIDADE (€/100 L)					
Xuros dos capitais propios	2,27	2,06	2,30	1,90	1,85
Renda das terras propias	2,33	1,71	1,85	1,17	0,93
Custo do traballo familiar	7,10	4,21	3,04	2,66	1,81
Total Custo de Oportunidade	11,69	7,98	7,19	5,74	4,58
Custos Totais	42,07	39,28	39,0	37,21	36,11
RESULTADOS ECONÓMICOS (€/100 L)					
Marxe neta	14,94	12,18	11,38	12,23	10,91
Beneficio	3,25	4,19	4,19	6,50	6,33

Gráfico 13. SAU (ha), número medio de vacas por explotación, rendemento leiteiro (L/vaca) e consumo de concentrado (kg/vaca) segundo o tamaño por número de vacas en 2011





Gráfico 14. Custos variables, custos fixos, marxe neta e prezo do leite por número de vacas en 2011



6.2. Resultados por tamaño da Superficie Agraria Útil

Para os efectos de estratificación segundo a base territorial, enténdese como Superficie Agraria Útil (SAU) a destinada exclusivamente á alimentación do gando de leite.

A medida que aumenta a SAU, maior é o número de vacas; mais non parece existir relación coas restantes variables. Así, a produción comercializada do estrato de 30-40 ha é maior que a do de 40-50 ha, e tanto a produción por hectárea como a carga gandeira nese mesmo estrato só son inferiores ás de < 20 ha. A peor ratio entre consumo de concentrado e produción de leite (350 g/L) tamén corresponde ao estrato de 30-40 ha.

Os rendementos leiteiros máis altos coinciden cos consumos de concentrado por vaca máis elevados, e as diferenzas no prezo do leite ou no do concentrado non están ligadas á dimensión da SAU nin ao volume de leite comercializado. De facto, o prezo polo leite no estrato de 40-50 ha é superior ao de ≥ 50 ha (Táboa 14 e Gráfico 15).

Non existe relación da superficie cos resultados nin cos custos, a excepción dos fixos que aumentan co tamaño da explotación. Como xa aconteceu en exercicios anteriores, a SAU non parece un criterio adecuado para a comparación de resultados en explotacións tan intensivas como as galegas (Táboa 15 e Gráfico 16).



Táboa 14. Índices técnicos por SAU (ha) en 2011

SAU (ha)	<20	20 – 30	30 – 40	40 – 50	≥50
Número de explotacións	32	41	40	28	22
TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS					
SAU media (ha)	15,3	24,3	34,4	43,1	70,2
Nº medio de vacas	38,6	46,2	72,8	72,1	113,8
Produción comercializada (L)	344.372	407.855	692.286	609.518	1.046.237
Produción/SAU (L/ha)	22.595	16.882	20.153	14.459	14.929
MANEXO DO GANDO					
Vacas/ha	2,5	1,9	2,1	1,7	1,6
UGM/ha	3,44	2,75	2,90	2,25	2,05
PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO					
Rendemento (L/vaca)	8.917	8.900	9.517	8.629	9.210
Concentrado (kg/vaca)	2.952	2.985	3.315	2.792	2.999
Concentrado/Leite (g/L)	330	340	350	320	330
GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 L)					
Compra de concentrado	8,58	9,46	8,83	9,61	10,02
Compra de forraxes	2,18	0,72	1,30	0,98	1,74
Produción de forraxes propias	2,71	3,60	3,22	3,75	2,87
CALIDADE DO LEITE					
% graxa	3,71	3,81	3,73	3,71	3,69
% proteína	3,20	3,31	3,24	3,21	3,23
Bacterioloxía (000)	20	20	19	26	20
Células somáticas (000)	200	226	206	221	239
PREZOS					
Leite (€/100 L)	33,75	33,48	33,85	34,49	33,91
Concentrado (€/t)	293	310	330	321	311
Relación prezos leite/Concentrado	1,15	1,07	1,02	1,07	1,08

Táboa 15. Índices económicos por SAU (ha) en 2011

SAU (ha)	<20	20 –30	30 – 40	40 – 50	≥50
Número de explotacións	32	41	40	28	22
INGRESOS (€/100 L)					
Venda de leite	33,75	33,48	33,85	34,49	33,91
Venda de animais	2,09	2,48	2,11	2,56	2,34
Variación do inventario	1,27	1,48	1,53	0,78	1,06
Total outros ingresos	4,74	5,61	5,37	6,15	5,98
Produto bruto	41,85	43,04	42,85	43,98	43,28
GASTOS VARIABLES (€/100 L)					
Compra de gando	0,50	0,12	0,73	0,35	0,04
Compra alimentos vacas	10,75	10,18	10,13	10,59	11,76
Compra alimentos recría	2,26	2,73	2,62	2,57	1,60
Produción propia, forraxes	2,71	3,60	3,22	3,75	2,87
Sanidade e reprodución	2,45	2,70	2,76	2,69	2,44
Enerxía e maquinaria	3,18	3,71	3,20	3,14	3,48
Total Gastos Variables	21,85	23,04	22,65	23,08	22,18
GASTOS FIXOS (€/100 L)					
Amortizacións técnicas	2,20	2,95	2,98	2,84	3,27
Man de obra retribuída	0,95	0,83	1,32	2,01	2,52
Outros custos fixos	3,71	4,43	4,00	4,55	4,98
Total Custos Fixos	6,86	8,21	8,30	9,40	10,77
Custo de produción	28,71	31,25	30,95	32,48	32,96
CUSTOS DE OPORTUNIDADE (€/100 L)					
Xuros dos capitais propios	1,79	1,91	2,09	2,31	1,87
Renda das terras propias	0,99	1,40	1,13	1,62	1,58
Custo do traballo familiar	3,48	3,53	2,60	2,95	2,06
Total Custo de Oportunidade	6,26	6,84	5,82	6,89	5,51
Custos Totais	34,97	38,09	36,77	39,37	38,47
RESULTADOS ECONÓMICOS (€/100 L)					
Marxe neta	13,15	11,79	11,91	11,51	10,32
Beneficio	6,88	4,95	6,08	4,62	4,82

Gráfico 15. SAU, vacas, rendimento leiteiro (L/vaca) e consumo de concentrado (kg/vaca) en función da SAU en 2011





Gráfico 16. Custos variables, fixos, marxe neta e prezo do leite en función da SAU en 2011



6.3. Resultados por volume de leite comercializado

A maior volume de produción de leite, maior é o número de vacas, a produción por hectárea, a carga gandeira, tanto en vacas como en UGM por hectárea, o rendemento leiteiro e o consumo de concentrado por vaca; e, salvo para o estrato de 400.000-600.000 L, tamén se observa esta tendencia para a superficie. A relación entre volume de produción e intensificación do sistema parece clara (Táboa 16 e Gráfico 17).

Entre as variables económicas, a única claramente relacionada co volume de leite comercializado é o custo de oportunidade, que decrece a medida que aumenta o tamaño. A marxe neta máis alta corresponde ao estrato inferior e o beneficio máis elevado ao estrato de 600.000-800.000 L, que é o que ten os custos fixos e totais máis baixos (Táboa 17 e Gráfico 18).



Táboa 16. Índices técnicos por volume de produción comercializada (000 L) en 2011

Produción (000 L)	< 200	200-400	400-600	600-800	≥800
Número de explotacións	18	47	45	14	39
TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS					
SAU (ha)	19,8	32,0	30,6	39,7	46,7
Nº de vacas	23,7	42,7	53,1	73,4	120,9
Produción comercializada (L)	151.019	292.885	482.092	687.545	1.223.421
Produción/SAU (L/ha)	7.690	9.474	15.818	17.321	26.194
MANEXO DO GANDO					
Vacas/ha	1,2	1,3	1,7	1,8	2,6
UGM/ha	1,70	2,05	2,79	3,23	3,90
PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO					
Rendemento (L/vaca)	6.408	7.096	9.099	9.367	10.126
Concentrado (kg/vaca)	2.147	2.434	3.259	3.640	3.665
Concentrado/Leite (g/L)	340	340	360	390	360
Gastos en alimentación (€/100 L)					
Compra de concentrado	9,60	10,82	10,01	9,11	8,63
Compra de forraxes	1,24	0,92	1,05	1,07	1,67
Produción de forraxes propias	3,98	4,72	3,53	3,23	2,63
CALIDADE DO LEITE					
% graxa	3,79	3,76	3,79	3,77	3,64
% proteína	3,13	3,17	3,25	3,47	3,24
Bacterioloxía (000)	28	25	19	18	18
Células somáticas (000)	230	231	212	198	212
PREZOS					
Leite (€/100 L)	34,04	34,30	33,39	33,54	34,08
Concentrado (€/t)	315	321	303	279	330
Relación prezos leite/Concentrado	1,07	1,06	1,10	1,20	1,03

Táboa 17. Índices económicos por volume de produción comercializada (000 L) en 2011

Produción (000 L)	< 200	200-400	400-600	600-800	≥800
Número de explotacións	18	47	45	14	39
INGRESOS (€/100 L)					
Venda de leite	34,04	34,30	33,39	33,54	34,08
Venda de animais	3,48	2,98	2,34	2,06	2,08
Variación do inventario	-0,61	1,13	0,73	1,70	1,52
Total outros ingresos	11,16	8,59	5,43	5,14	4,64
Produto bruto	48,07	46,99	41,90	42,44	42,32
GASTOS VARIABLES (€/100 L)					
Compra de gando	0,19	0,12	0,18	0,20	0,56
Compra alimentos vacas	10,84	11,74	11,06	10,18	10,30
Compra alimentos recria	1,31	1,77	2,28	2,45	2,57
Produción propia, forraxes	3,98	4,72	3,53	3,23	2,63
Sanidade e reprodución	2,43	2,61	2,59	2,78	2,62
Enerxía e maquinaria	3,47	3,61	3,73	3,08	3,13
Total Gastos Variables	22,24	24,57	23,38	21,92	21,81
GASTOS FIXOS (€/100 L)					
Amortizacións técnicas	3,04	3,48	2,72	1,63	3,12
Outros custos fixos	4,88	4,29	4,84	3,58	4,32
Man de obra retribuída	1,16	0,98	1,28	1,38	2,00
Total Custos Fixos	9,08	8,75	8,84	6,59	9,44
Custo de produción	31,32	33,31	32,23	28,52	31,26
CUSTOS DE OPORTUNIDADE (€/100 L)					
Xuros dos capitais propios	2,68	2,69	2,02	1,40	1,89
Renda das terras propias	2,66	2,50	1,43	1,39	0,92
Custo do traballo familiar	7,95	4,10	3,24	2,62	1,47
Total Custo de Oportunidade	13,29	9,29	6,69	5,40	4,28
Custos Totais	44,61	42,6	38,92	33,92	35,54
RESULTADOS ECONÓMICOS (€/100 L)					
Marxe neta	16,75	13,68	9,67	13,92	11,07
Beneficio	3,46	4,40	2,98	8,51	6,79

Gráfico 17. SAU, vacas, rendemento leiteiro (L/vaca) e consumo de concentrado (kg/vaca) en función do volume de leite comercializado en 2011





Gráfico 18. Custos variables, custos fixos, marxe neta e prezo do leite en función do volume de leite comercializado en 2011



6.4. Resultados en función da carga gandeira

O número de UGM/ha tomouse como referencia da carga gandeira, tal como se contempla na normativa reguladora dos sistemas agrarios sustentables.

A carga gandeira media das explotacións galegas de vacún de leite vén aumentando desde 2007 (Táboa 6). En 2011, un 35,7% das explotacións analizadas tiña menos de 2 UGM/ha e un 35% pasaba das 3 UGM/ha.

A carga gandeira, tanto en UGM/ha como en vacas/ha, está relacionada directamente coa produción de leite por hectárea, coa total, co número de vacas por explotación e co rendemento leiteiro (Táboa 18 e Gráfico 19) e, inversamente, cos custos de oportunidade (Táboa 19 e Gráfico 20).

As explotacións de $\geq 4,0$ UGM/ha, as máis intensivas, son as que conseguen unha marxe neta e un beneficio máis elevados, aínda que non sexan as que reciben un prezo polo leite máis alto, nin teñan un produto bruto maior; mais son as que presentan custos variables, de produción, de oportunidade e totais máis baixos, o que indica que un bo manexo pode permitir unha maior intensificación sen incremento dos custos. De feito, este estrato é o que paga un prezo máis alto polo concentrado e ten maior consumo deste por vaca; mais os rendementos leiteiros obtidos permítenlle ter uns custos variables por litro máis baixos. Ademais é o que ten un gasto menor na compra de alimentos para vacas, produción propia de forraxes, enerxía e maquinaria, aínda que os relativos á compra de gando e alimentos para a recría sexan os máis altos.





Táboa 18. Índices técnicos por carga gandeira (UGM/ha) en 2011

UGM/ha	< 2	2,0 – 2,5	2,5 – 3,0	3,0 – 4,0	≥ 4,0
Número de explotacións	56	30	16	32	23
TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS					
SAU (ha)	38,6	35,3	28,8	32,4	25,4
Nº de vacas	44,8	56,9	57,9	77,0	91,7
Produción comercializada (L)	332.679	504.799	516.998	750.252	920.212
Produción/SAU (L/ha)	8.707	14.353	18.580	23.175	36.241
MANEXO DO GANDO					
Vacas/ha	1,2	1,6	2,0	2,4	3,6
UGM/ha	1,61	2,24	2,77	3,47	5,14
PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO					
Rendemento (L/vaca)	7.508	8.916	9.252	9.750	10.031
Concentrado (kg/vaca)	2.348	3.365	3.269	3.413	3.630
Concentrado/Leite (g/L)	310	380	350	350	360
GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 L)					
Compra de concentrado	10,24	10,30	11,52	9,38	6,88
Compra de forraxes	1,08	0,95	0,91	1,11	1,69
Produción de forraxes propias	4,17	3,47	3,53	3,21	2,53
CALIDADE DO LEITE					
% graxa	3,78	3,76	3,72	3,74	3,66
% proteína	3,16	3,24	3,43	3,25	3,27
Bacterioloxía (000)	26	22	22	18	15
Células somáticas (000)	231	231	203	207	196
PREZOS					
Leite (€/100 L)	34,33	32,81	35,22	33,78	34,37
Concentrado (€/t)	323	288	305	309	335
Relación prezos leite/Concentrado	1,06	1,14	1,15	1,09	1,02

Táboa 19. Índices económicos por carga gandeira (UGM/ha) en 2011

UGM/ha	< 2	2,0 – 2,5	2,5 – 3,0	3,0 – 4,0	≥ 4,0
Número de explotacións	56	30	16	32	23
INGRESOS (€/100 L)					
Venda de leite	34,33	32,81	35,22	33,78	34,37
Venda de animais	2,53	2,66	2,84	1,84	1,93
Variación do inventario	0,05	2,00	0,07	1,47	2,05
Total outros ingresos	8,88	5,77	5,05	5,03	4,1
Produto bruto	45,80	43,23	43,18	42,12	42,45
GASTOS VARIABLES (€/100 L)					
Compra de gando	0,15	0,20	0,05	0,21	1,10
Compra alimentos vacas	11,32	11,25	12,42	10,49	8,57
Compra alimentos recría	1,82	1,84	2,54	2,73	3,20
Produción propia, forraxes	4,17	3,47	3,53	3,21	2,53
Sanidade e reprodución	2,56	2,53	3,12	2,69	2,76
Enerxía e maquinaria	3,58	3,89	3,85	3,26	2,76
Total Gastos Variables	23,60	23,18	25,52	22,59	20,93
GASTOS FIXOS (€/100 L)					
Amortizacións técnicas	3,40	2,64	3,24	2,89	2,64
Man de obra retribuída	1,98	1,41	1,08	1,07	1,68
Outros custos fixos	5,02	3,99	3,94	4,40	3,96
Total Custos Fixos	10,40	8,04	8,25	8,36	8,28
Custo de produción	34,00	31,22	33,77	30,96	29,21
CUSTOS DE OPORTUNIDADE (€/100 L)					
Xuros dos capitais propios	2,38	2,14	2,08	1,93	1,85
Renda das terras propias	2,61	1,60	1,34	1,04	0,66
Custo do traballo familiar	4,69	3,09	3,02	2,40	1,96
Total Custo de Oportunidade	9,68	6,83	6,44	5,37	4,47
Custos Totais	43,68	38,05	40,21	36,33	33,68
RESULTADOS ECONÓMICOS (€/100 L)					
Marxe neta	11,80	12,01	9,40	11,16	13,23
Beneficio	2,12	5,18	2,96	5,79	8,77

Gráfico 19. Rendemento leiteiro (L/vaca) e consumo de concentrado (kg/vaca) en función da carga gandeira (UGM/ha) en 2011**Gráfico 20.** Custos variables, custos fixos, marxe neta e prezo do leite en función da carga gandeira (UGM/ha) en 2011

6.5. Resultados en función do rendemento leiteiro

O rendemento leiteiro, medido pola produción de leite por vaca e ano, tamén é un índice de intensificación produtiva. Os resultados técnicos de 2011 mostran que a maior rendemento leiteiro por vaca, maior é o número de vacas, o volume de produción comercializada e por hectárea e o consumo de concentrado por vaca (Táboa 20 e Gráfico 21).

Desde o punto de vista económico, só está relacionado, inversamente, cos custos de oportunidade e cos totais. Co resto das variables a relación non é clara. As explotacións do estrato de ≥ 10.000 L/vaca, que tamén son as máis grandes en número de vacas e volume de produción, son as que teñen custos variables, de produción, de oportunidade e totais máis baixos, así como un beneficio máis alto. As que conseguen unha marxe neta máis elevada son as do estrato inferior porque o seu produto bruto é o mais alto (Táboa 21 e Gráfico 22).





Táboa 20. Índices técnicos por rendemento leiteiro (L/vaca) en 2011

Litros/vaca/ano	<7000	7.000–8.000	8.000–9.000	9.000–10.000	≥10.000
Número de explotacións	37	19	32	32	43
TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS					
SAU (ha)	32,9	32,4	38,1	34,1	34,1
Nº de vacas	40,7	42,2	67,9	76,2	84,8
Produción comercializada (L)	243.501	315.738	559.824	723.314	917.400
Produción/SAU (L/ha)	7.449	9.810	15.051	21.214	26.907
MANEXO DO GANDO					
Vacas/ha	1,2	1,3	1,8	2,2	2,5
UGM/ha	1,75	2,06	2,73	3,33	3,47
PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO					
Rendemento (L/vaca)	6.026	7.529	8.446	9.502	10.819
Concentrado (kg/vaca)	1.933	2.743	2.837	3.404	3.960
Concentrado/Leite (g/L)	320	360	340	360	370
GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 L)					
Compra de concentrado	10,92	11,31	11,39	10,86	6,85
Compra de forraxes	1,00	1,25	1,18	1,58	1,38
Produción de forraxes propias	4,47	4,23	4,61	3,36	2,11
CALIDADE DO LEITE					
% graxa	3,81	3,76	3,80	3,76	3,63
% proteína	3,14	3,19	3,23	3,24	3,32
Bacterioloxía (000)	29	26	22	17	16
Células somáticas (000)	244	239	212	218	195
PREZOS					
Leite (€/100 L)	34,73	31,33	33,93	33,60	34,27
Concentrado (€/t)	337	305	321	307	297
Relación prezos leite/Concentrado	1,03	1,02	1,05	1,09	1,15

Táboa 21. Índices económicos por rendemento leiteiro (L/vaca) en 2011

Litros/vaca/ano	<7000	7.000–8.000	8.000-9.000	9.000-10.000	≥10.000
Número de explotacións	37	19	32	32	43
INGRESOS (€/100 L)					
Venda de leite	34,73	31,33	33,93	33,60	34,27
Venda de animais	2,85	3,03	2,52	1,95	2,18
Variación do inventario	0,06	0,54	1,71	1,85	1,06
Total outros ingresos	10,73	7,09	5,89	5,43	4,22
Produto bruto	48,37	41,99	44,05	42,83	41,73
GASTOS VARIABLES (€/100 L)					
Compra de gando	0,13	0,06	0,12	0,52	0,48
Compra alimentos vacas	11,93	12,56	12,57	12,44	8,23
Compra alimentos recría	1,76	1,48	1,81	2,02	3,04
Produción propia, forraxes	4,47	4,23	4,61	3,36	2,11
Sanidade e reprodución	2,13	2,88	2,92	2,71	2,51
Enerxía e maquinaria	3,27	3,88	3,65	3,56	3,01
Total Gastos Variables	23,68	25,09	25,68	24,60	19,38
GASTOS FIXOS (€/100 L)					
Amortizacións técnicas	3,43	2,98	2,79	2,97	2,85
Man de obra retribuída	1,81	0,80	1,86	1,36	1,71
Outros custos fixos	4,53	4,8	4,52	3,80	4,55
Total Custos Fixos	9,78	8,58	9,17	8,13	9,10
Custo de produción	33,46	33,67	34,85	32,73	28,48
CUSTOS DE OPORTUNIDADE (€/100 L)					
Xuros dos capitais propios	2,83	2,42	2,23	2,22	1,53
Renda das terras propias	3,07	2,25	1,60	1,09	0,89
Custo do traballo familiar	5,91	4,56	2,57	2,49	1,96
Total Custo de Oportunidade	11,82	9,24	6,40	5,80	4,39
Custos Totais	45,28	42,91	41,25	38,53	32,87
RESULTADOS ECONÓMICOS (€/100 L)					
Marxe neta	14,91	8,32	9,2	10,11	13,25
Beneficio	3,10	-0,92	2,80	4,30	8,86

Gráfico 21. Rendemento leiteiro (L/vaca) e consumo de concentrado (kg/vaca) en función do rendemento leiteiro (L/vaca) en 2011**Gráfico 22.** Custos variables, custos fixos, marxe neta e prezo do leite en función do rendemento leiteiro (L/vaca) en 2011

6.6. Resultados en función da produción por unidade de superficie

A produción de leite por hectárea, que é outro índice de intensificación dos sistemas produtivos, aparece relacionada directamente co tamaño do rabaño, coa produción comercializada de leite, coa carga gandeira, tanto en vacas como en UGM por hectárea, co rendemento por vaca e co consumo de concentrado por vaca (Táboa 22 e Gráfico 23).

Desde o punto de vista económico, está relacionada directamente co beneficio e, salvo para o estrato inferior, coa marxe neta, debido aos outros ingresos. Inversamente, está relacionada, cos custos de oportunidade e cos totais (Táboa 23 e Gráfico 24).

O estrato superior, cunha produción media de 34.934 L/ha, está composto polas explotacións con menos SAU (28,7 ha), con máis vacas (97,2) e de maior rendemento (10.319 L/vaca) e, polo tanto, con maior produción comercializada. Ao mesmo tempo, é o que produce con custos variables (21 €/100 L), de produción (29,84 €/100 L), de oportunidade (4,18 €/100 L) e totais (34,02 €/100 L) máis baixos. O seu beneficio é o máis alto e se a marxe neta non é maior que a do estrato inferior é porque os seus ingresos totais son os máis baixos.

As explotacións máis intensivas son as que teñen maior beneficio, como xa se viu anteriormente (Táboas 8 e 9), malia teren menores ingresos totais. Isto débese a que os seus custos totais son tamén os máis baixos e parece indicar que as explotacións intensivas absorberon a alza do prezo das materias primas mellor que as extensivas, grazas a un mellor manexo.



Táboa 22. Índices técnicos segundo a produción por unidade de superficie (000 L/ha) en 2011

(000 L/ha)	<10	10 – 15	15 – 20	20 – 25	≥ 25
Número de explotacións	38	40	30	21	34
TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS					
SAU (ha)	39,5	36,0	29,0	39,3	28,7
Nº de vacas	42,0	52,6	54,5	91,7	97,2
Produción comercializada (L)	268.875	444.563	481.031	904.765	1.002.541
Produción/SAU (L/ha)	6.864	12.448	16.997	23.015	34.934
MANEXO DO GANDO					
Vacas/ha	1,1	1,5	1,9	2,3	3,4
UGM/ha	1,54	2,02	2,74	3,24	4,71
PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO					
Rendemento (L/vaca)	6.453	8.513	9.029	9.874	10.319
Concentrado (kg/vaca)	2.025	2.971	3.174	3.668	3.694
Concentrado/Leite (g/L)	310	350	350	370	360
GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 L)					
Compra de concentrado	10,88	10,74	10,49	9,19	7,74
Compra de forraxes	1,06	1,05	0,81	1,24	1,89
Produción de forraxes propias	4,83	3,77	4,26	2,55	2,43
CALIDADE DO LEITE					
% graxa	3,79	3,75	3,85	3,68	3,63
% proteína	3,14	3,20	3,25	3,37	3,25
Bacterioloxía (000)	27	25	20	18	15
Células somáticas (000)	239	220	233	203	195
PREZOS					
Leite (€/100 L)	34,05	33,12	34,17	34,05	34,06
Concentrado (€/t)	343	285	307	307	325
Relación prezos leite/Concentrado	0,99	1,16	1,11	1,10	1,04

Táboa 23. Índices económicos segundo a produción por unidade de superficie (000L/ha) en 2011

(000 L/ha)	<10	10 – 15	15 – 20	20 – 25	≥ 25
Explotacións	38	40	30	21	34
INGRESOS (€/100 L)					
Venda de leite	34,05	33,12	34,17	34,05	34,06
Venda de animais	2,98	2,64	2,49	1,95	2,05
Variación do inventario	0,09	0,72	1,75	1,21	1,67
Total outros ingresos	11,23	6,26	5,21	4,95	4,16
Produto bruto	48,35	42,75	43,62	42,17	41,94
GASTOS VARIABLES (€/100 L)					
Compra de gando	0,10	0,17	0,13	0,16	0,76
Compra alimentos vacas	11,94	11,78	11,29	10,43	9,63
Compra alimentos recría	1,67	1,86	1,82	2,80	2,76
Produción propia, forraxes	4,83	3,77	4,26	2,55	2,43
Sanidade e reprodución	2,52	2,60	2,71	2,70	2,59
Enerxía e maquinaria	3,70	3,57	3,89	3,41	2,84
Total Gastos Variables	24,75	23,75	24,09	22,04	21,00
GASTOS FIXOS (€/100 L)					
Amortizacións técnicas	3,42	2,82	3,06	3,07	2,71
Man de obra retribuída	1,62	1,78	1,21	1,51	1,72
Outros custos fixos	5,39	4,26	4,05	4,13	4,41
Total Custos Fixos	10,43	8,86	8,32	8,72	8,83
Custo de produción	35,18	32,62	32,41	30,76	29,84
CUSTOS DE OPORTUNIDADE (€/100 L)					
Xuros dos capitais propios	2,83	2,07	2,12	1,99	1,70
Renda das terras propias	3,29	1,84	1,44	1,04	0,69
Custo do traballo familiar	5,80	3,51	3,24	1,99	1,80
Total Custo de Oportunidade	11,92	7,42	6,80	5,02	4,18
Custos Totais	47,10	40,04	39,21	35,78	34,02
RESULTADOS ECONÓMICOS (€/100 L)					
Marxe neta	13,16	10,13	11,20	11,41	12,10
Beneficio	1,24	2,71	4,40	6,39	7,92

Gráfico 23. SAU, vacas, rendemento leiteiro (L/vaca) e consumo de concentrado (kg/vaca) en función da produción de leite por ha en 2011





Gráfico 24. Custos variables, custos fixos, marxe neta e prezo do leite en función da produción de leite/ha en 2011



6.7. Resultados en función do uso do concentrado

A relación entre consumo de concentrado e produción de leite é, teoricamente, un indicador de eficiencia. Só aparece relacionada directamente co consumo de concentrado por vaca, coa carga gandeira medida en UGM/ha e, inversamente, co gasto na produción de forraxes (Táboa 24 e Gráfico 25).

As explotacións do estrato de <300 g/L son as que peores resultados obteñen en termos de marxe neta e beneficio, malia teren o produto bruto máis alto, o consumo de concentrado e o rendemento por vaca máis baixos. O seus custos de produción e totais son os máis elevados, o que revela que un valor baixo desta ratio pode ser indicativo dun mal manexo e de que non se aproveita toda a potencialidade dos recursos da explotación (Táboa 25 e Gráfico 26).



Táboa 24. Índices técnicos por uso de concentrado en relación coa produción de leite (g/L) en 2011

Concentrado/Leite (g/L)	< 300	300-350	350-400	400-450	≥ 450
Número de explotacións	37	42	41	34	9
TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS					
SAU (ha)	32,3	39,1	30,5	36,3	32,3
Nº de vacas	51,1	76,3	62,2	69,6	61,2
Produción comercializada (L)	410.629	704.633	603.310	626.657	520.806
Produción /SAU (L/ha)	12.802	18.234	19.827	17.319	16.149
MANEXO DO GANDO					
Vacas/ha	1,6	2,0	2,0	1,9	1,9
UGM/ha	2,35	2,74	2,89	2,93	2,99
PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO					
Rendemento (L/vaca)	8.084	9.346	9.717	9.022	8.523
Concentrado (kg/vaca)	1.909	2.856	3.500	3.634	3.998
Concentrado/Leite (g/L)	240	310	360	400	470
GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 L)					
Compra de concentrado	8,90	10,03	8,92	8,78	11,07
Compra de forraxes	1,84	1,70	0,96	1,08	0,88
Produción de forraxes propias	4,83	3,70	2,65	2,30	2,51
CALIDADE DO LEITE					
% graxa	3,75	3,74	3,73	3,76	3,59
% proteína	3,21	3,20	3,30	3,25	3,23
Bacterioloxía (000)	26	18	19	21	28
Células somáticas (000)	197	212	202	239	272
PREZOS					
Leite (€/100 L)	34,69	33,08	34,76	33,61	33,27
Concentrado (€/t)	361	321	303	268	302
Relación prezos leite/Concentrado	0,95	1,02	1,14	1,2	1,10

Táboa 25. Índices económicos por uso de concentrado en relación coa produción de leite (g/L) en 2011

Concentrado/Leite (g/L)	< 300	300-350	350-400	400-450	≥ 450
Número de explotacións	37	42	41	34	9
INGRESOS (€/100 L)					
Venda de leite	34,69	33,08	34,76	33,61	33,27
Venda de animais	2,45	2,61	2,06	1,98	2,65
Variación do inventario	1,49	1,23	1,25	1,26	0,46
Total outros ingresos	7,39	5,15	5,18	5,07	7,73
Produto bruto	46,02	42,08	43,25	41,92	44,12
GASTOS VARIABLES (€/100 L)					
Compra de gando	0,01	0,22	0,47	0,68	0,40
Compra alimentos vacas	10,74	11,73	9,87	9,86	11,94
Compra alimentos recría	2,47	1,72	2,99	2,47	1,78
Produción propia, forraxes	4,83	3,70	2,65	2,30	2,51
Sanidade e reprodución	2,42	2,57	2,66	2,81	2,67
Enerxía e maquinaria	2,96	3,16	3,62	3,51	3,48
Total Gastos Variables	23,43	23,09	22,26	21,63	22,78
GASTOS FIXOS (€/100 L)					
Amortizacións técnicas	3,16	2,97	2,84	2,83	2,87
Man de obra retribuída	2,15	1,82	1,33	1,37	0,93
Outros custos fixos	4,7	4,77	4,17	4,03	3,56
Total Custos Fixos	10,00	9,56	8,35	8,23	7,36
Custo de produción	33,44	32,65	30,61	29,86	30,14
CUSTOS DE OPORTUNIDADE (€/100 L)					
Xuros dos capitais propios	2,49	2,09	1,82	1,77	2,01
Renda das terras propias	1,87	1,24	1,18	1,34	1,42
Custo do traballo familiar	3,80	2,55	2,98	2,87	3,46
Total Custo de Oportunidade	8,16	5,89	5,98	5,98	6,89
Custos Totais	41,6	38,54	36,59	35,84	37,03
RESULTADOS ECONÓMICOS (€/100 L)					
Marxe neta	12,58	9,43	12,65	12,06	13,97
Beneficio	4,42	3,54	6,67	6,08	7,09

Gráfico 25. SAU, vacas, rendemento leiteiro (L/vaca) e consumo de concentrado (kg/vaca) en función da relación entre consumo de concentrado e produción de leite (g/L) en 2011





Gráfico 26. Custos variables, custos fixos, marxe neta e prezo do leite en función da relación entre consumo de concentrado e produción de leite (g/L) en 2011



6.8. Resultados en función do prezo do leite

O prezo do leite aparece relacionado directamente coa dimensión da explotación, medida tanto en número de vacas como en volume de leite comercializado, produción por hectárea e produto bruto. Como a intensificación aumenta co tamaño, as explotacións co prezo máis alto tamén son as que teñen rendementos leiteiros e consumos de concentrado por vaca máis elevados (Táboa 26 e Gráfico 27).

Por outra parte, o prezo do leite aparece relacionado directamente coa marxe neta e o beneficio. As explotacións do estrato superior non só son as que reciben un prezo polo leite máis alto senón tamén as que teñen uns custos variables, de produción e totais máis baixos, o que explica os seus bos resultados económicos en comparación co resto (Táboa 27 e Gráfico 28).



Táboa 26. Índices técnicos segundo o prezo do leite (€/100 L) en 2011

Prezo (€/100 L)	< 30	30-32	32-34	34-36	≥36
Número de explotacións	4	32	81	23	13
TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS					
SAU (ha)	29,6	26,7	36,8	40,2	28,3
Nº de vacas	28,3	45,0	72,7	74,8	77,3
Produción comercializada (L)	203.646	362.515	662.819	730.091	795.048
Produción/SAU (L/ha)	6.997	13.651	18.090	18.478	28.072
MANEXO DO GANDO					
Vacas/ha	1,0	1,7	2,0	1,9	2,7
UGM/ha	1,59	2,37	2,90	2,72	4,01
PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO					
Rendemento (L/vaca)	7.322	8.103	9.155	9.934	10.280
Concentrado (kg/vaca)	3.125	2.653	3.128	3.481	3.875
Concentrado/Leite (g/L)	430	330	340	350	380
GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 L)					
Compra de concentrado	12,18	10,28	9,40	10,19	6,26
Compra de forraxes	1,98	2,07	1,42	0,95	0,75
Produción de forraxes propias	3,00	3,78	3,33	3,22	1,51
CALIDADE DO LEITE					
% graxa	3,50	3,67	3,78	3,71	3,74
% proteína	3,13	3,27	3,24	3,24	3,28
Bacterioloxía (000)	35	24	21	18	13
Células somáticas (000)	247	231	225	185	173
PREZOS					
Leite (€/100 L)	28,72	31,23	32,98	35,23	38,03
Concentrado (€/t)	294	299	295	313	273
Relación prezos leite/Concentrado	0,97	1,04	1,11	1,12	1,39

Táboa 27. Índices económicos segundo o prezo do leite (€/100 L) en 2011

Prezo (€/100 L)	< 30	30-32	32-34	34-36	≥36
Número de explotacións	4	32	81	23	13
INGRESOS (€/100 L)					
Venda de leite	28,72	31,23	32,98	35,23	38,03
Venda de animais	4,57	2,57	2,38	2,14	1,59
Total outros ingresos	9,24	6,68	5,19	5,08	5,08
Variación do inventario	-3,09	0,72	1,64	0,94	0,88
Produto bruto	39,44	41,20	42,19	43,39	45,58
GASTOS VARIABLES (€/100 L)					
Compra de gando	0,0	0,05	0,33	0,18	1,29
Compra alimentos vacas	14,16	12,35	10,82	11,14	7,01
Compra alimentos recría	1,19	1,80	2,25	2,49	3,35
Produción propia, forraxes	3,00	3,78	3,33	3,22	1,51
Sanidade e reprodución	3,88	2,69	2,47	2,86	3,04
Enerxía e maquinaria	4,49	3,19	3,35	3,49	3,26
Total Gastos Variables	26,73	23,86	22,56	23,38	19,46
GASTOS FIXOS (€/100 L)					
Amortizacións técnicas	2,48	2,97	2,72	2,91	3,69
Outros custos fixos	3,78	3,96	4,51	4,37	3,96
Man de obra retribuída	1,22	0,85	1,75	1,29	1,63
Total Custos Fixos	7,48	7,77	8,97	8,57	9,28
Custo de produción	34,20	31,64	31,53	31,95	28,75
CUSTOS DE OPORTUNIDADE (€/100 L)					
Xuros dos capitais propios	1,55	2,46	1,92	1,82	1,88
Renda das terras propias	2,39	1,65	1,28	1,32	0,85
Custo do traballo familiar	5,89	3,97	2,72	2,47	2,26
Total Custo de Oportunidade	9,84	8,08	5,92	5,61	5,00
Custos Totais	44,04	39,72	37,45	37,56	33,75
RESULTADOS ECONÓMICOS (€/100 L)					
Marxe neta	5,24	9,56	10,66	11,44	16,83
Beneficio	-4,60	1,48	4,75	5,83	11,83

Gráfico 27. SAU, vacas, rendimento leiteiro (L/vaca) e consumo de concentrado (kg/vaca) en función do prezo do leite (€/100 L) en 2011





Gráfico 28. Custos variables, custos fixos e marxe neta en función do prezo do leite (€/100 L) en 2011



6.9. Resultados en función do prezo do concentrado

O prezo do concentrado só aparece relacionado, inversamente, coa ratio entre o prezo do leite e o do concentrado (Táboa 28 e Gráfico 29). A grande diferenza entre o primeiro estrato e o resto débese a que nel se agrupan as explotacións con rendementos leiteiros por vaca máis altos. O prezo do concentrado máis baixo permítelles un maior consumo e, aínda que a relación entre produción de leite e consumo de concentrado é peor, os seus custos de produción e totais son máis baixos e, por conseguinte, os resultados son mellores, tanto na marxe neta como no beneficio (Táboa 29 e Gráfico 30).

As grandes diferenzas que se observan no prezo pódense explicar pola distinta calidade dos concentrados ou porque se trata de mesturas húmidas; e polo tanto as magnitudes non son comparables.



Táboa 28. Índices técnicos segundo o prezo do concentrado (€/t) en 2011

(€/t)	< 280	280-300	300-320	320-340	≥ 340
Número de explotacións	20	12	36	39	37
TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS					
SAU (ha)	31,4	39,8	30,5	39,8	31,8
Nº de vacas	80,3	88,6	48,5	71,9	63,5
Produción comercializada (L)	808.789	775.110	421.216	642.438	576.187
Produción/SAU (L/ha)	25.756	20.162	13.893	16.190	18.208
MANEXO DO GANDO					
Vacas/ha	2,6	2,2	1,6	1,8	2,0
UGM/ha	3,72	2,85	2,32	2,80	2,98
PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO					
Rendemento (L/vaca)	10.073	9.049	8.743	8.954	9.102
Concentrado (kg/vaca)	4.005	2.963	2.996	2.962	2.972
Concentrado/Leite (g/L)	400	330	340	330	330
GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 L)					
Compra de concentrado	3,66	10,32	11,36	11,20	11,51
Compra de forraxes	0,98	2,62	1,21	1,66	1,00
Produción de forraxes propias	1,39	3,46	3,80	3,81	3,88
CALIDADE DO LEITE					
% graxa	3,66	3,61	3,80	3,75	3,75
% proteína	3,28	3,24	3,27	3,23	3,21
Bacterioloxía (000)	17	24	21	22	20
Células somáticas (000)	211	244	206	221	206
PREZOS					
Leite (€/100 L)	34,58	34,35	32,75	33,38	33,59
Concentrado (€/t)	231	291	311	328	357
Relación prezos leite/Concentrado	1,49	1,17	1,05	1,01	0,93

Táboa 29. Índices económicos segundo o prezo do concentrado (€/t) en 2011

Prezo concentrado (€/t)	< 280	280-300	300-320	320-340	≥ 340
Número de explotacións	20	12	36	39	37
INGRESOS (€/100 L)					
Venda de leite	34,58	34,35	32,75	33,38	33,59
Venda de animais	1,66	3,22	2,48	2,15	2,53
Total outros ingresos	4,13	4,97	6,84	6,33	4,66
Variación do inventario	1,32	1,28	0,36	1,66	1,49
Produto bruto	41,69	43,81	42,44	43,53	42,26
GASTOS VARIABLES (€/100 L)					
Compra de gando	1,15	0,17	0,10	0,12	0,15
Compra alimentos vacas	4,64	12,94	12,57	12,86	12,51
Compra alimentos recría	2,96	0,96	1,95	2,10	2,45
Produción propia, forraxes	1,39	3,46	3,80	3,81	3,88
Sanidade e reprodución	2,88	2,20	2,72	2,59	2,75
Enerxía e maquinaria	2,87	3,54	4,10	3,45	3,20
Total Gastos Variables	15,89	23,27	25,24	24,92	24,95
GASTOS FIXOS (€/100 L)					
Amortizacións técnicas	2,78	2,93	2,97	2,89	3,06
Outros custos fixos	4,29	6,25	4,12	4,24	3,85
Man de obra retribuída	1,32	2,56	1,12	1,85	1,07
Total Custos Fixos	8,39	11,73	8,21	8,98	7,98
Custo de produción	24,28	35,00	33,45	33,90	32,93
CUSTOS DE OPORTUNIDADE (€/100 L)					
Xuros dos capitais propios	1,61	1,84	2,06	2,16	2,19
Renda das terras propias	0,93	1,22	1,54	1,46	1,26
Custo do traballo familiar	2,67	2,63	3,70	2,80	3,12
Total Custo de Oportunidade	5,21	5,69	7,30	6,42	6,57
Custos Totais	29,49	40,69	40,75	40,32	39,50
RESULTADOS ECONÓMICOS (€/100 L)					
Marxe neta	17,41	8,81	8,99	9,63	9,33
Beneficio	12,20	3,13	1,69	3,21	2,76

Gráfico 29. SAU, vacas, rendemento leiteiro (L/vaca) e consumo de concentrado (kg/vaca) en función do prezo do concentrado (€/t) en 2011





Gráfico 30. Custos variables, custos fixos, marxe neta e prezo do leite en función do prezo do concentrado (€/t) en 2011



7.

AS EXPLOTACIÓNS GALEGAS DE LEITE NO MARCO EUROPEO



Na comparación internacional de custos de produción do leite en 2011, que realiza a EDF (European Dairy Farmers) e na que colabora o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, participaron 312 explotacións de 18 países europeos, das que 13 eran galegas, 5 catalás e unha de Castela-León. Tamén participaron explotacións de Australia e Canadá, que só se tomaron en consideración para o cálculo das medias xerais da EDF. Malia a carencia de representatividade estatística, os datos que se presentan reflicten a situación e a tendencia xeral do sector lácteo en Europa.

7.1. Comparación xeral entre as explotacións convencionais

A diferenza de anos anteriores, a comparación realízase entre as explotacións con sistemas de produción convencionais para evitar as distorsións que provocaba a presenza das ecolóxicas nunha mostra tan pequena.

Os ingresos das explotacións galegas derivados da venda do leite (33,8 €/100 kg ECM) son inferiores tanto á media de España como á da EDF, e os totais (40 €/100 kg ECM), aínda que superiores aos da media española, tamén son menores que os da media da EDF.

Na comparación da EDF, os cálculos efectúanse despois da estandarización do leite ao 4% de graxa e ao 3,4% de proteína e exprésanse en ECM (Energy-Corrected Milk).

Os custos directos das explotacións galegas (22,4 €/100 kg ECM) son superiores tanto aos da media da EDF como aos de Castela-León e Cataluña. Os gastos en sanidade (1,7 €/100 kg ECM) e reprodución (0,9 €/100 kg ECM) das nosas explotacións, así como os de alimentación animal (14,4 €/100 kg ECM) que representan o 64,3 % dos custos directos, tamén son máis altos que a media da EDF (Táboa 30).

As explotacións galegas teñen menores gastos en salarios, contratos e aluguer de maquinaria, conservación da maquinaria e enerxía. Todas estas epígrafes están incluídas dentro dos custos do traballo porque se consideran factores alternativos. O que non se realiza con recursos propios ten que se contratar. Con todo, o custo do traballo en Galicia (17,8 €/100 kg ECM) é maior que as medias da EDF e de Castela-León e Cataluña, debido fundamentalmente ao custo de oportunidade da man de obra familiar.

Os resultados das explotacións galegas da EDF son inferiores aos da media da EDF tanto en termos de renda familiar (7 vs. 7,9 €/100 kg ECM) como en beneficio, con e sen primas desacopladas, e os dous limiares de rendibilidade son peores.³

En relación con Cataluña e Castela-León, Galicia ten unha renda familiar máis alta, así como mellor limiar de rendibilidade I; mais o beneficio, con e sen primas desacopladas, é inferior, e o limiar de rendibilidade II peor, como xa aconteceu en 2010.

As explotacións galegas da EDF son moito máis pequenas que a media xeral (Táboa 31). Porén, comparadas coa media das Axes analizadas anteriormente, teñen unha SAU algo superior (38 vs. 34,4 ha), un rabaño máis grande (111 vs. 62,4 vacas), unha carga gandeira máis alta (2,8 vs. 1,8 vacas/ha) e unha maior cantidade de leite vendido ás industrias (990 vs. 586 t). Porén, o seu rendemento leiteiro é inferior (8.168 vs. 9.442 kg/vaca).

³ Consellería do Medio Rural e do Mar. *Resultados técnico-económicos das explotacións de vacún de leite en Galicia. 2010*. Xunta de Galicia. 2012

Táboa 30. Ingresos e custos nas explotacións da EDF en 2011

INGRESOS (€/100 kg ECM)	Galicia	Cataluña -Castela	España	EDF		
				Media	25% mellor	25% peor
Venda de leite	33,8	34,6	34,1	34,6	31,6	38,8
Venda de gando e variación de inventario	4,3	2,0	3,5	4,4	4,8	5,1
Subsidios e axudas directas e balance do IVE	1,3	0,4	1,0	0,9	0,8	1,2
Outros ingresos	0,5	0,9	0,6	1,2	1,0	1,2
Ingresos Totais	40,0	37,9	39,2	41,1	38,2	46,4
CUSTOS (€/100 kg ECM)						
Compra de animais	0,1	0,1	0,1	0,7	0,5	1,3
Sanidade animal e coidado dos pezuños	1,7	1,4	1,6	1,2	1,0	1,5
Inseminación e transferencia de embrións	0,9	0,6	0,8	0,8	0,5	1,1
Outros custos directos da produción animal	2,5	2,4	2,5	2,1	1,8	2,6
Compra de alimentos	14,4	15,7	14,9	9,7	7,5	11,7
Sementes	0,3	0,4	0,3	0,5	0,4	0,7
Fertilizantes	0,5	0,4	0,4	1,0	1,3	0,9
Pesticidas	0,2	0,1	0,1	0,3	0,2	0,3
Outros custos directos da produción vexetal	1,7	0,1	1,2	0,8	0,4	1,4
Custos directos	22,4	21,2	22,0	17,0	13,7	21,6
Custos salariais	2,4	3,8	2,9	3,1	2,7	4,5
Custo de oportunidade do traballo familiar	9,8	2,8	7,3	5,6	3,4	8,9
Contratos/aluguer de maquinaria	0,8	1,8	1,2	2,1	1,6	2,6
Conservación de maquinaria e vehículos	0,7	1,4	0,9	1,3	1,0	1,6
Fuel, lubricantes	1,6	1,3	1,5	1,2	1,0	1,4
Enerxía	0,3	0,8	0,5	1,0	0,7	1,3
Amortización de maquinaria e vehículos	1,7	0,4	1,3	2,2	1,6	2,8
Custo de oportunidade de maquinaria e vehículos	0,5	0,2	0,4	0,7	0,7	0,8
Custo do traballo	17,8	12,6	16,0	17,2	12,7	23,8
Arrendamento de cota	0,0	0,1	0,0	0,1	0,1	0,0
Supertaxa	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Custo de oportunidade da cota	0,0	0,0	0,0	0,6	0,5	0,3
Custo da cota	0,0	0,1	0,0	0,8	0,7	0,4
Mantemento de instalacións	0,4	0,5	0,6	1,1	1,2	1,3
Arrendamentos	0,0	0,5	0,8	1,5	1,2	1,7
Amortizacións de instalacións	1,2	0,0	0,0	0,1	0,0	0,2
Custo de oportunidade das instalacións	0,7	0,0	0,0	0,1	0,1	0,1
Custo das instalacións	2,4	1,0	1,4	2,8	2,6	3,3
Arrendamento de terras	0,6	0,5	0,6	1,1	1,2	1,3
Custo de oportunidade da terra	0,9	0,5	0,8	1,5	1,2	1,7
Melloras en parcelas, drenaxes, accesos	0,0	0,0	0,0	0,1	0,0	0,2
Contribucións e cargas	0,0	0,0	0,0	0,1	0,1	0,1
Custos da terra	1,6	1,0	1,4	2,8	2,6	3,3
Outros Custos	1,7	1,3	1,6	1,9	1,2	2,6
Custos Totais	45,9	40,3	43,9	44,7	33,6	59,1
Custos efectivos	30,0	32,2	30,8	28,6	22,9	37,0
Amortizacións	3,0	2,5	2,8	4,6	2,8	6,1
Custos de oportunidade	12,9	5,6	10,3	11,4	7,9	16,0
RESULTADOS (€/100 kg ECM)						
Renda familiar	7,0	3,2	5,7	7,9	12,6	3,3
Beneficio sen primas desacopladas	-6,0	-2,4	-4,7	-3,5	4,6	-12,7
Beneficio con primas desacopladas	-2,4	-0,3	-1,7	0,3	7,5	-6,7
Limiar de rendibilidade I (sen o custo da cota)	26,8	31,2	28,4	26,6	18,9	35,5
Limiar de rendibilidade II (sen o custo da cota)	39,8	36,9	38,7	37,4	26,3	51,1

Táboa 31. Razóns das diferenzas de custos e ingresos nas explotacións da EDF en 2011

	Galicia	Cataluña -Castela	España	EDF		
				Media	25% mellor	25% peor
DATOS XERAIS						
Superficie total da explotación (ha)	38	72	50	259	387	177
Proporción de superficie arrendada (%)	38	48	42	52	60	46
Man de obra familiar total (traballadores)	1,9	1,2	1,6	1,5	1,4	1,6
Man de obra asalariada total (traballadores)	1,3	3,7	2,1	7,0	15,9	2,8
Número de vacas	111	231	153	206	277	152
Ingresos de leite sobre os totais (%)	92	94	93	81	81	79
PRODUCCIÓN DE LEITE						
Cota total dispoñible (t ECM 4% graxa)	835	2066	1269	1691	2025	1350
Produción total de leite (t ECM/ano)	994	2243	1435	1737	2128	1271
Leite vendido ás industrias. (t ECM/ano)	990	2226	1426	1681	2053	1228
Contido de graxa (%)	3,7	3,6	3,6	4,1	4,1	4,1
Contido de proteína (%)	3,2	3,2	3,2	3,4	3,4	3,4
Rendemento leiteiro (kg ECM por vaca)	8168	9495	8636	8404	7691	8451
USO DO SOLO						
Superficie forraxeira (ha)	38	71	50	142	198	128
Superficie forraxeira arrendada (%)	38	48	45	52	60	47
Prados (% superficie forraxeira)	39	0	27	42	49	33
Labradío sobre superficie forraxeira (%)	59	83	72	39	37	36
Carga gandeira (vacas/ha)	2,8	3,8	3,1	1,5	1,5	1,3
Produtividade da terra (kg ECM por ha)	24274	35.984	27934	13166	11084	11408
MAN DE OBRA						
Produtividade do traballo (horas/vaca)	67	41	58	61	70	73
Produtividade do traballo (kg ECM/ hora)	137	242	174	194	196	153
CAPITAL						
Capital total (sen terra nin cota) (€/vaca)	3831	4334	4009	6401	4046	9014
Maquinaria (€/vaca)	953	311	726	1148	908	1492
Construcións (€/vaca)	1058	2017	1397	3054	1500	4544
Gando (€/vaca)	1820	2006	1886	1363	1174	1632
Produtividade do capital (kg ECM por 1000€)	2397	2262	2349	1690	2340	1177
MANEXO DO RABAÑO						
Idade ao primeiro parto (meses)	25	26	25	26	25	27
Intervalo entre partos (días)	419	419	419	399	397	386
Taxa de eliminación de vacas (%)	21	26	20	29	25	30
Produción de leite na vida útil da vaca (kg)	-	25504	30605	28411	29856	27398
Mortalidade dos xatos (%)	7,6	6,0	5,8	11,4	10,4	10,9
ALIMENTACIÓN						
Consumo de concentrado (kg por vaca e día)	7,4	12,0	9,0	6,6	6,3	6,7
Produtividade concentrado (kg leite ECM/ kg concentrado)	3,2	2,2	2,8	4,1	4,6	4,0
Leite producido sen concentrado (kg/ vaca e ano)	2764	756	2056	3561	3129	3438
PREZOS						
Prezo do leite (€/100 kg ECM)	33,8	34,6	34,1	34,6	31,6	38,8
Prezo da vaca de sacrificio (€/ kg de peso vivo)	1,05	1,00	1,03	1,06	1,00	1,17
Prezo dos xatos (€/xato)	105	106	106	143	132	179
Prezo de arrendamento da terra (€/ha)	352	167	315	304	273	352
Salarios (€/hora)	10,7	12,2	12,5	14,6	12,1	16,8
Prezo do concentrado (€/t)	306	260	290	292	254	366

A carga gandeira das nosas explotacións (2,8 vacas/ha) é superior á da media da EDF, aínda que inferior á de Castela-León e Cataluña. A nosa alta densidade gandeira aséntase nunha superficie forraxeira na que os prados ocupan o 39%, o que esixe un elevado consumo de concentrado. Para unha produción de 8.168 kg ECM/vaca, inferior á media da EDF (8.404 kg ECM/vaca), o noso consumo medio de concentrado sitúase en 7,4 kg/vaca/día (2,7 t/vaca/ano), que é superior á media da EDF, aínda que inferior á de Cataluña e Castela-León.

A menor produtividade da man de obra das explotacións galegas fronte á media da EDF (137 vs.194 kg ECM/hora) débese á menor dimensión dos rabaños. O gasto na compra de animais e a taxa de eliminación de vacas en Galicia son, como no exercicio anterior, inferiores á media da EDF.

Igual que no último ano, só o grupo de cabeza, constituído polo 25% das mellores explotacións da EDF logrou ter beneficio, o que evidencia a difícil situación que atravesamos o sector lácteo en toda Europa.



7.2. Comparación entre as explotacións convencionais de diferentes países

Como os resultados medios dos diferentes países son máis indicativos que os da media xeral da EDF, procedeuse a realizar unha comparación con aqueles Estados do noso contorno que participaron na análise, excluíndo Suíza e os países do leste de Europa (Polonia, Ucraína, República Checa e Eslovaquia), así como Australia e Canadá.

Os ingresos procedentes da venda do leite das explotacións galegas (33,8 €/100 kg ECM), así como os totais (40 €/100 kg ECM) só foron menores que os de Dinamarca, Holanda, Italia e Suecia. Ademais, os totais tamén foron inferiores aos de Irlanda (Táboa 32).

A renda familiar só é superior á de Dinamarca, Reino Unido, Portugal e Suecia. O beneficio sen primas desacopladas só é superior ao de Dinamarca e, considerando esas primas, só queda por detrás de Dinamarca e Portugal. O limiar de rendibilidade I só é mellor que o de Dinamarca, Italia, Portugal e Suecia, e o limiar de rendibilidade II que o de Dinamarca, Italia e Suecia.

As explotacións irlandesas, británicas e italianas son as únicas que teñen beneficio, sen considerar as primas desacopladas. Ao incluílas tamén o teñen as de Alemaña e Holanda.

Os custos directos máis baixos de toda a EDF son os de Holanda e Irlanda, os máis altos, os de Portugal e Galicia, e os relativos á alimentación animal das nosas explotacións só son máis baixos que os de Portugal e Italia.

O custo do traballo en Galicia só é inferior ao da Francia, debido ao custo de oportunidade da man de obra familiar, aínda que parece sobreestimado. Porén, o noso custo en instalacións é o máis baixo, no entanto os de Dinamarca e Italia son os máis altos.

Holanda e Irlanda teñen o custo da terra máis alto, e Portugal o máis baixo, precisamente pola súa reducida superficie. O custo da cota só en Holanda é aínda relevante.

Os custos totais das explotacións galegas só son inferiores aos de Suecia. En 2010 tamén o eran respecto de Italia, Portugal e Dinamarca, o que indica que en 2011 perdemos competitividade.

As explotacións galegas da EDF teñen unha superficie forraxeira media (38 ha) só maior que a das portuguesas, que son as máis pequenas (Táboa 33). En número de vacas, as nosas explotacións son semellantes ás belgas e algo maiores que as francesas e portuguesas, e a súa produción de leite comercializado é superior á das irlandesas, portuguesas e francesas (Táboa 33).

Da pequena dimensión das nosas explotacións resulta unha baixa produtividade da man de obra (67 horas/vaca e 137 kg leite/hora), que só supera á de Portugal.

A carga gandeira en Galicia (2,8 vacas/ha) e a produción de leite por unidade de superficie (24.274 kg/ha) só son inferiores ás de Portugal. A alta densidade gandeira explica o alto consumo de concentrado (7,4 kg/vaca e día) que só é inferior ao de Italia, Portugal e Suecia, aínda que cun rendemento por vaca tamén menor (8.168 kg/vaca) e que só supera aos de Irlanda e Reino Unido, onde os sistemas produtivos están baseados no pastoreo.

O resultado é unha produtividade do concentrado (3,2 kg leite/kg concentrado) que só é maior que a de Portugal e Suecia. A cantidade de leite producido sen concentrado (2.764 kg/vaca) só é máis baixa que a de Suecia.

O investimento por vaca, sen contar terra e cota (3.831 €/vaca), só é superior ao de Irlanda (3.032 €/vaca), país cuxo modelo de produción apenas require investimentos en instalacións, o que representa unha vantaxe comparativa.

Táboa 32. Ingresos e custos da actividade leiteira nalgúns países europeos en 2011⁴

	GZ	DE	DK	BE	UK	NL	IE	FR	IT	PT	SE
INGRESOS (€/100 kg ECM)											
Venda de leite	33,8	33,0	35,8	33,6	29,5	35,1	33,2	32,9	43,1	33,7	38,2
Venda de gando e variación de inventario	4,3	4,4	4,0	3,5	3,0	3,3	6,9	4,4	3,3	0,8	4,7
Subsidios, axudas directas e balance do IVE	1,3	1,1	0,3	-0,1	0,3	0,0	1,3	1,2	2,3	0,9	1,6
Outros ingresos	0,5	0,6	1,0	0,7	0,2	2,2	0,0	1,4	0,5	1,2	0,9
Ingresos Totais	40,0	39,1	41,1	37,7	33,0	40,6	41,4	39,9	49,1	36,5	45,4
CUSTOS (€/100 kg ECM)											
Compra de animais	0,1	1,5	0,2	0,4	0,8	0,5	0,0	0,5	0,4	0,1	0,5
Sanidade animal e coidado dos pezuños	1,7	1,2	1,0	1,3	1,1	1,0	1,3	1,2	0,7	1,7	0,9
Inseminación e transferencia de embrións	0,9	0,5	0,8	0,7	0,4	0,8	0,6	0,8	0,5	0,5	1,4
Outros custos directos da produción animal	2,5	1,8	2,8	1,8	2,4	1,2	2,1	2,4	1,7	1,5	2,1
Compra de alimentos	14,4	8,9	9,8	8,4	7,6	7,4	5,4	7,3	15,6	16,0	11,3
Sementes	0,3	0,6	0,7	0,4	0,3	0,3	0,3	0,8	0,5	0,8	0,5
Fertilizantes	0,5	1,2	0,7	0,8	1,3	0,7	3,1	1,0	0,2	0,8	1,1
Pesticidas	0,2	0,3	0,4	0,3	0,1	0,2	0,0	0,5	0,3	0,4	0,2
Outros custos directos da produción vexetal	1,7	0,6	0,9	1,0	0,2	0,1	0,1	1,1	0,1	0,9	1,1
Custos directos	22,4	16,6	17,2	15,2	14,2	12,2	12,9	15,7	19,9	22,8	19,1
Custos salariais	2,4	3,0	4,4	1,0	3,5	1,3	2,2	2,2	3,8	1,6	6,1
Custo de oportunidade do traballo familiar	9,8	4,1	2,8	6,2	2,1	6,0	4,3	8,0	3,3	3,6	6,4
Contratos/aluguer de maquinaria	0,8	2,1	3,4	2,4	1,9	2,9	2,0	1,8	0,9	0,5	2,0
Conservación de maquinaria e vehículos	0,7	1,3	0,8	0,8	0,8	2,2	1,5	1,4	0,9	1,5	1,5
Fuel, lubricantes	1,6	1,4	1,0	0,5	0,8	0,6	0,0	1,0	1,4	1,3	1,4
Enerxía	0,3	1,0	1,6	1,3	0,6	1,1	0,6	0,6	1,0	1,0	1,2
Amortización de maquinaria e vehículos	1,7	2,1	0,8	2,8	1,4	2,1	2,1	3,4	2,8	2,3	2,1
Custo de oportunidade da maquinaria e vehículos	0,5	0,6	0,8	0,8	0,3	0,3	0,5	0,6	1,2	1,3	0,7
Custo do traballo	17,8	15,5	15,5	15,8	11,6	16,5	13,3	19,0	15,2	13,1	21,2
Arrendamento da cota	0,0	0,2	0,0	0,1	0,0	0,6	0,0	0,0	0,1	0,0	0,0
Supertaxa	0,0	0,0	0,1	0,0	0,0	0,2	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Custo de oportunidade da cota	0,0	0,3	0,9	1,0	0,1	2,6	1,0	0,0	0,4	0,1	0,0
Custo da cota	0,0	0,5	1,0	1,1	0,1	3,4	1,0	0,0	0,5	0,1	0,0
Mantemento de instalacións	0,4	0,4	1,9	0,0	0,9	0,8	0,8	0,3	0,4	0,8	1,3
Arrendamentos	0,0	0,1	0,5	0,0	0,1	0,0	0,0	0,3	0,0	0,0	0,0
Amortizacións das instalacións	1,2	1,6	3,5	3,1	0,6	2,8	1,2	2,9	2,4	1,2	2,6
Custo de oportunidade das instalacións	0,7	1,6	2,4	1,9	1,9	2,1	1,0	1,8	4,8	1,4	2,1
Custo das instalacións	2,4	3,8	8,4	5,0	3,4	5,7	3,0	5,3	7,6	3,4	6,0
Arrendamento das terras	0,6	1,1	1,0	1,4	1,2	0,8	1,8	1,6	1,0	0,4	0,9
Custo de oportunidade da terra	0,9	1,1	2,8	0,8	1,4	3,2	2,6	0,2	2,7	0,6	0,7
Melloras en parcelas, drenaxes, accesos	0,0	0,0	0,1	0,1	0,1	0,0	0,0	0,1	0,0	0,1	0,3
Contribucións e cargas	0,0	0,1	0,2	0,0	0,0	0,5	0,0	0,0	0,2	0,0	0,0
Custos da terra	1,6	2,3	4,1	2,3	2,7	4,4	4,4	1,9	3,9	1,0	1,9
Outros custos	1,7	1,5	2,3	1,9	1,0	1,6	1,6	2,2	1,2	1,0	2,2
Custos Totais	45,9	40,0	48,5	41,2	33,0	43,7	36,3	44,1	48,3	41,3	50,5
Custos efectivos	30,0	27,7	33,0	23,7	24,3	24,0	22,7	25,5	29,8	29,2	34,5
Amortizacións	3,0	3,8	4,5	6,1	2,0	5,0	3,3	6,5	5,2	4,3	4,7
Custos de oportunidade	12,9	8,5	11,0	11,4	6,7	14,7	10,3	12,1	13,3	7,8	11,2
RESULTADOS (€/100 kg ECM)											
Renda familiar	7,0	7,6	3,5	7,9	6,7	11,6	15,4	8,0	14,2	3,0	6,1
Beneficio empresarial (sen primas desacopladas)	-6,0	-0,9	-7,4	-3,5	0,1	-3,1	5,1	-4,1	0,9	-4,8	-5,1
Beneficio empresarial (con primas desacopladas)	-2,4	2,4	-4,5	-0,3	2,6	0,3	8,9	-0,4	3,8	-2,9	-1,2
Limiar de rendibilidade I (sen o custo da cota)	26,8	25,2	32,2	25,6	22,8	22,6	17,8	24,9	28,8	30,7	32,1
Limiar de rendibilidade II (sen o custo da cota)	39,8	33,4	42,2	36,0	29,3	34,7	27,1	37,0	41,7	38,4	43,3

⁴ GZ=Galicia, BE=Bélxica, DE=Alemaña, DK=Dinamarca, FR=Francia, IE=Irlanda, IT=Italia, NE=Holanda, PT=Portugal, SE=Suecia, UK=Reino Unido.

Táboa 33. Razóns das diferenzas de custos e ingresos en 2011

	GZ	DE	DK	BE	UK	NL	IE	FR	IT	PT	SE
Número de explotacións	13	36	15	19	18	45	10	39	5	4	26
DATOS XERAIS											
Superficie total (ha)	38	311	278	81	284	88	95	153	102	29	321
Superficie arrendada (%)	38	62	20	65	50	24	46	93	37	49	45
Traballadores familiares	1,9	1,6	1,2	1,4	1,6	1,5	1,5	2,3	2,1	1,6	2,0
Traballadores asalariados	1,3	4,9	3,6	0,5	4,2	0,3	0,8	0,7	3,6	1,3	3,6
Número de vacas	111	288	292	112	351	152	156	88	212	95	195
PRODUCCIÓN DE LEITE											
Produción leite (t ECM/ano)	994	2517	2732	1017	2682	1297	941	753	1990	903	1977
Leite para industria (t ECM/ano)	990	2483	2674	1002	2545	1290	908	737	1977	899	1918
Contido de graxa (%)	3,7	4,08	4,36	4,03	4,17	4,40	4,12	4,02	3,80	3,68	4,20
Contido de proteína (%)	3,2	3,42	3,51	3,42	3,40	3,49	3,49	3,37	3,39	3,25	3,54
Rendemento leiteiro (kg ECM/vaca)	8168	8704	9413	9259	7554	8665	6085	8619	9618	9544	10012
USO DO SOLO											
Superficie forraxeira (ha)	38	214	190	61	234	87	94	83	102	23	259
Superficie forraxeira arrendada (%)	38	64	22	65	49	25	45	90	38	58	48
Prados (% superficie forraxeira)	39	52	9	9	61	83	100	27	22	0	22
Labradío (% superficie forraxeira)	59	42	62	45	19	17	0	41	78	100	26
Carga gandeira (vacas/ha)	2,8	1,4	1,5	2,0	1,7	1,8	1,7	1,2	2,2	4,0	0,8
Produtividade da terra (kg ECM/ha)	24274	11828	14341	18714	12285	15946	10576	10031	21472	38270	8055
MAN DE OBRA											
Produtividade traballo (horas/vaca)	67	43	28	46	33	32	33	56	62	91	58
Produtividade traballo (kg / hora)	137	223	343	213	248	283	192	174	176	115	188
CAPITAL											
Total (sen terra nin cota) €/vaca)	3831	5402	8591	5992	3852	6105	3032	6835	16027	6553	8049
Maquinaria (€/vaca)	953	1132	1592	1503	491	573	665	1061	2769	2573	1373
Construcións (€/vaca)	1058	2411	3939	2782	1818	4474	1137	2380	11003	1880	3347
Gando (€/vaca)	1820	1182	1399	1323	1232	1057	1218	1632	2254	1463	1585
Outros (€/vaca)	0	580	1411	281	208	0	11	1615	0	636	1372
Produtividade do capital (kg/1000€)	2397	2028	1207	1819	2921	1599	2162	1420	861	1523	1369
MANEXO DO RABAÑO											
Idade ao primeiro parto (meses)	25	27,3	24,8	20,9	24,8	25,7	23,3	28,1	26,3	25,8	26,3
Intervalo entre partos (días)	419	410	352	364	386	412	390	418	428	408	380
Taxa de eliminación das vacas (%)	21	28,6	35,8	28,0	22,0	35,2	18,7	29,4	40,1	24,8	38,1
Produción leite na vida útil da vaca (kg)	-	28365	10746	28496	30944	29033	23400	25257	47800	0	26531
Mortalidade dos xatos (%)	7,6	12,6	11,5	12,8	9,6	15,4	9,9	12,5	9,4	16,7	8,3
ALIMENTACIÓN											
Consumo concentrado (kg/vaca día)	7,4	6,9	5,7	6,5	5,5	6,4	2,5	5,2	8,5	9,2	10,2
Produtividade Conc. (kg leite/ kg conc.)	3,2	3,6	4,8	4,0	4,3	3,8	7,7	5,2	3,7	2,9	2,8
Leite producido sen concentr. (kg /vaca)	2764	3737	5237	4545	3526	3987	4263	4.819	3194	2843	2612
PREZOS											
Leite (€/100 kg ECM)	33,8	33,0	35,8	33,6	29,5	35,1	33,2	32,9	43,1	33,7	38,2
Vaca de sacrificio (€/ kg peso vivo)	1,05	1,01	1,06	1,00	0,92	0,81	1,24	1,39	0,89	1,03	1,16
Xatos (€/xato)	105	155	101	149	84	142	123	115	102	61	181
Arrendamento da terra (€/ha)	352	231	617	396	292	447	419	165	664	345	120
Salarios (€/hora)	10,7	11,9	23,5	9,8	13,6	19,6	13,4	13,6	12,7	6,4	19,4
Venda da cota (€/kg, 4% de gordura)	306	0,08	0,23	0,26	0,03	0,68	0,30	0,00	0,10	0,02	0,00
Concentrado (€/t)	321	256	305	268	242	214	249	279	333	343	297

7.3. Evolución dos resultados das explotacións convencionais (2008–2011)

Nos últimos catro anos, o tamaño das explotacións galegas, que inicialmente xa era máis pequeno que a media da EDF, permaneceu estabilizado, tanto en número de vacas como en produción de leite. A media da EDF, aínda que lentamente, foi aumentando, polo que se ampliou a diferenza (Táboa 34).

O rendemento leiteiro das nosas vacas xa era menor que a media da EDF en 2008 e, aínda que medrou algo ata 2011, fíxoo en menor medida que o conxunto da EDF (0,8% vs. 3,3%).

O máis salientable deste período é a evolución dos ingresos totais e dos procedentes da venda do leite. Ambos os dous eran superiores en Galicia en 2008 (45,2 vs. 42,3 €/100 kg nos ingresos totais e 40,9 vs. 36,1 €/100 kg na venda de leite), mais as diferenzas foron diminuindo e a partir de 2010 os ingresos totais xa eran inferiores en Galicia (39,5 vs. 40,8 €/100 kg). En 2011 acontece o mesmo por primeira vez co prezo do leite (33 vs. 34,4 €/100 kg).

Os custos directos, constituídos fundamentalmente polos alimentos comprados para os animais, mantivéronse controlados ata 2011, ano en que experimentaron un incremento do 21,9% en Galicia e só do 8,8% para a media da EDF. Respecto a 2010, os custos directos experimentaron unha suba que duplica porcentualmente a media da EDF, debido ao incremento do gasto na compra de alimentos, que xa era máis elevado e que tamén aumentou máis que a media da EDF.

Os custos relativos ao traballo e á terra permaneceron relativamente estables en Galicia e os das construcións mesmo retrocederon, debido probablemente á retracción do investimento.

Os custos totais, despois de se reducir en 2009, comezaron a elevarse en 2010, aínda que para o conxunto da EDF en 2011 foron inferiores aos de 2008 (40,8 vs. 42,3 €/100 kg), cousa que non aconteceu en Galicia (48,3 vs. 46,5 €/100 kg). A elevación dos custos totais non se debe ás amortizacións nin aos custos de oportunidades, senón aos gastos efectivos, nos que hai pouca marxe de manobra cando nas explotacións existe unha grande dependencia externa. De feito, no período 2008-2011 o incremento dos custos efectivos na EDF (0,7%) foi moi inferior ao de Galicia (4,6%).

A renda familiar e o beneficio, que experimentaran unha drástica redución en 2009, comezaron a recuperarse en 2010 para o conxunto da EDF, no entanto en Galicia iso non se produce ata 2011. Os dous limiares de produtividade, que indican o prezo a que se tería que vender o leite para cubrir os custos de produción e os totais, apenas variaron entre 2008 e 2011.

A produtividade do traballo na EDF, así como en Galicia, aumentou lixeiramente neste período tanto en horas/vaca como en kg ECM/hora. O mesmo aconteceu co rendemento leiteiro das vacas. Pola contra, mentres para o conxunto da EDF a produtividade da terra non deixou de aumentar desde 2009 a 2011, en Galicia diminuía debido á baixada da carga gandeira, o que indica que o grupo das explotacións galegas da EDF non seguiu unha estratexia tan intensificadora como as pertencentes ás Axes.

Neste período, o capital investido por vaca non deixou de aumentar (9,6%) no conxunto da EDF mentres se reducía a súa produtividade (6,7%). Pola contra, o capital investido por vaca en Galicia diminuíu un 11,2 % e a produtividade do capital aumentou un 13,4%.

Táboa 34. Evolución das explotacións convencionais da EDF 2008-2011

Número de explotacións	Unidade	EDF				Galicia			
		2008	2009	2010	2011	2008	2009	2010	2011
		137				7			
Variable	Unidade	2008	2009	2010	2011	2008	2009	2010	2011
Tamaño do rabaño	Vacas	214	220	221	225	100	99	99	99
Produción de leite	t ECM/explotación	1.741	1.773	1.821	1.891	880	845	883	889
Produción de leite comercializable	t ECM/explotación	1.703	1.736	1.784	1.853	877	844	882	888
Ingresos totais	Euros/100 kg ECM	42,3	34,5	34,9	40,8	45,2	34,8	34,1	39,5
Venda de leite	Euros/100 kg ECM	36,1	28,9	29,1	34,4	40,9	31,0	31,1	33,0
Venda e variación de animais	Euros/100 kg ECM	4,1	3,9	3,9	4,4	3,8	3,3	1,6	4,8
Subsidios e balance do IVE	Euros/100 kg ECM	0,6	0,4	0,6	0,5	0,2	0,3	1,4	1,1
Outros ingresos	Euros/100 kg ECM	1,4	1,4	1,3	1,5	0,4	0,3	0,1	0,5
Custos totais	Euros/100 kg ECM	42,3	34,5	34,9	40,8	46,5	43,5	45,5	48,3
Custos directos	Euros/100 kg ECM	15,6	15,1	14,7	16,0	21,2	18,3	18,7	22,8
Compra de alimentos	Euros/100 kg ECM	9,2	9,0	8,4	9,2	14,8	12,6	12,1	14,1
Compra de fertilizantes	Euros/100 kg ECM	1,0	1,0	1,0	1,0	1,1	0,7	0,8	0,4
Custos relativos ao traballo	Euros/100 kg ECM	15,7	15,8	15,4	15,7	18,7	19,4	19,0	19,6
Compra de gasóleo	Euros/100 kg ECM	0,9	1,0	0,8	1,0	1,4	1,5	1,3	1,6
Custos das construcións	Euros/100 kg ECM	4,2	3,9	4,4	4,6	2,8	2,5	2,5	2
Custos da terra	Euros/100 kg ECM	2,9	2,7	2,9	3,1	1,9	1,8	1,9	1,9
Outros custos	Euros/100 kg ECM	2,4	2,0	1,9	1,8	1,2	0,6	2,1	2,1
Custos da cota	Euros/100 kg ECM	2,0	1,8	1,4	1,2	0,7	0,7	1,2	0,0
Custos efectivos	Euros/100 kg ECM	26,9	26,1	25,2	27,1	28,4	24,7	25,6	29,7
Amortizacións	Euros/100 kg ECM	4,2	4,4	4,3	4,2	2,7	3,0	2,9	2,9
Custos de oportunidade	Euros/100 kg ECM	11,6	10,9	11,2	11,1	15,4	15,7	17	15,6
Renda familiar	Euros/100 kg ECM	11,2	4,0	5,4	9,5	14,1	7,1	5,7	6,8
Beneficio 1	Euros/100 kg ECM	-0,4	-6,9	-5,7	-1,6	-1,3	-8,7	-11,4	-8,8
Primas desacopladas rateadas	Euros/100 kg ECM	3,6	3,6	3,8	3,9	4,2	4,1	3,5	4,7
Beneficio 2	Euros/100 kg ECM	3,2	-3,3	-1,9	2,4	2,9	-4,6	-7,9	-4,1
Limiar de rendibilidade I	Euros/100 kg ECM	24,4	24,4	23,4	24,6	26,7	23,9	25,5	26,3
Limiar de rendibilidade II	Euros/100 kg ECM	34,5	33,9	33,4	34,7	41,4	38,9	41,2	41,8
Produtividade do traballo I	horas/vaca	50	51	49	48	70	68	70	69
Produtividade do traballo II	kg ECM/hora	202	199	208	210	120	119	125	126
Rendemento leiteiro	kg ECM/vaca	8.136	8.059	8.240	8.404	7.524	7.308	7.482	7.585
Carga gandeira	vacas/ha	1,7	1,7	1,7	1,7	2,3	2,5	2,4	2,3
Produtividade da terra	kg ECM/ha	13.859	13.822	13.874	14.290	18.991	19.430	19.754	18.695
Capital (sen terra nin cota)	Euros/vaca	5.302	4.979	5.753	5.812	3.974	3.796	3.623	3.528
Produtividade capital	kg ECM/1000 Euros	1.913	1.995	1.806	1.784	2.213	2.060	2.240	2.509

7.4. A produción ecolóxica de leite

A produción ecolóxica de leite, ademais de ser minoritaria, parece tender a estancarse. As cifras son insignificantes, pois as explotacións ecolóxicas de leite de vacún non chegan a representar o 0,3% das totais, segundo as cifras oficiais.⁵

O número de explotacións de vacún de leite pasou de 74 en 2010 a 85 en 2011 en España, mentres en Galicia se reducían de 36 a 33 e o seu número de vacas de 2.163 a 1.474, o que significa que o tamaño medio do rabaño pasou de 60 a 45 vacas por explotación.

Como a información sobre a produción ecolóxica procedente das explotacións reais é moi escasa, preséntanse os resultados individualizados das 15 pertencentes á EDF, entre as que hai dúas galegas, para mostrar a súa heteroxeneidade (Táboas 36 e 37).

No conxunto da EDF, as explotacións ecolóxicas teñen peores resultados que as convencionais (Táboa 35), porque aínda que os seus ingresos pola venda do leite e os totais son superiores, todos os seus custos tamén o son. O seu volume de produción é inferior porque o tamaño do rabaño é menor (186 vs. 207 vacas), así como os rendementos leiteiros (7.458 vs. 8.233 kg ECM/vaca) e a carga gandeira (0,9 vs. 1,6 vacas/ha).

En Galicia, as dúas explotacións ecolóxicas tamén son de menor tamaño que a media das convencionais e a súa produción moi inferior porque, igual que no conxunto da EDF, o número de vacas, os rendementos leiteiros e a carga gandeira tamén o son. Todos os seus ingresos e todos os seus custos son superiores aos das convencionais e os seus resultados peores, coa excepción da renda familiar e do capital investido por vaca que, ao contrario do que acontece na EDF, son superiores.



⁵ Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, www.magrama.gob.es

Táboa 35. Comparativa entre explotacións ecolóxicas e convencionais 2011

		EDF UE				EDF España-Galicia		
		Convencionais			Ecolóxicas	Convencionais		Ecolóxicas
		Media	25% cabeza	25% cola		España	Galicia	
Número de explotacións		297	74	74	15	17	11	2
Tamaño do rabaño	Vacas	207	272	165	186	153	111	45
Produción de leite	t ECM/explotación	1754	2098	1364	1398	1435	994	243
Produción vendida ás industrias	t ECM/explotación	1698	2025	1318	1337	1428	992	242
Ingresos totais	€/100 kg ECM	40,5	38,1	44,5	52,6	39,2	40,0	56,8
Ingresos do leite	€/100 kg ECM	34,3	31,6	37,6	41,9	34,1	33,8	44,9
Venda e variación de animais	€/100 kg ECM	4,4	4,7	5,2	5,0	3,5	4,3	5,2
Subsidios e balance do IVE	€/100 kg ECM	0,7	0,8	0,7	3,3	1,0	1,3	5,2
Outros ingresos	€/100 kg ECM	1,1	1,0	1,1	2,4	0,6	0,5	1,5
Custos totais	€/100 kg ECM	43,9	33,5	57,0	59,1	43,9	45,9	70,2
Custos directos	€/100 kg ECM	16,8	13,6	21,6	20,7	22,0	22,4	27,0
Custos relativos ao traballo	€/100 kg ECM	16,8	12,6	22,3	24,5	16,0	17,8	29,1
Custos das construcións	€/100 kg ECM	5,0	2,7	7,3	6,6	3,0	2,4	5,9
Custos da terra	€/100 kg ECM	2,7	2,5	3,0	3,9	1,4	1,6	4,0
Outros custos	€/100 kg ECM	1,8	1,2	2,5	2,9	1,6	1,7	4,3
Custos da cota	€/100 kg ECM	0,8	0,7	0,4	0,6	0,0	0,0	0,0
Custos efectivos	€/100 kg ECM	28,1	22,6	35,8	38,7	30,8	30,0	36,1
Amortizacións	€/100 kg ECM	4,5	2,7	6,0	6,4	2,8	3,0	6,8
Custos estimados do capital	€/100 kg ECM	11,3	8,1	15,1	14,1	10,3	12,9	27,3
Renda familiar	€/100 kg ECM	7,9	12,8	2,7	7,5	5,7	7,0	13,9
Beneficio I	€/100 kg ECM	-3,4	4,6	-12,5	-6,5	-4,7	-6,0	-13,4
Primas desacopladas	€/100 kg ECM	3,8	2,8	5,8	5,1	3,0	3,5	8,1
Beneficio II	€/100 kg ECM	0,4	7,5	-6,6	-1,4	-1,7	-2,4	-5,3
Limiar de rendibilidade I	€/100 kg ECM	26,2	18,7	34,8	34,3	28,4	26,8	31,0
Limiar de rendibilidade II	€/100 kg ECM	36,9	26,3	49,6	47,9	38,7	39,8	58,3
Retribución do traballo	€/hora	9,9	20,7	-0,5	7,8	9,2	8,4	6,1
Traballo	horas/vaca	61	71	73	58	58	67	96
Produtividade do traballo	kg ECM/hora	195	196	158	167	174	137	56
Rendemento leiteiro	kg ECM/vaca	8.233	7.497	8.231	7.458	8.636	8.168	5.381
Carga gandeira	vacas/ha	1,6	1,5	1,4	0,9	2,9	2,8	1,0
Produtividade da terra	kg ECM/ha	6.358	4.095	8.938	7.249	26290	24274	5442
Capital (sen terra nin cota)	€/vaca	1.705	2.336	1.190	1.394	4009	3831	4328

Táboa 36. Ingresos e custos da actividade leiteira nas explotacións ecolóxicas da EDF en 2011

	DE-1	DK-1	GZ-1	GZ-2	FR-1	NL-1	NL-2	PL-1	SE-1	SE-2	SE-3	SE-4	SE-5	UA-1	UK-1
INGRESOS (€/100 kg ECM)															
Venda de leite	41,2	42,5	48,0	41,8	37,6	37,5	38,5	30,1	45,6	49,7	51,0	50,0	49,6	28,1	33,4
Venda de gando e variación de inventario	4,2	5,0	5,4	4,9	5,2	2,7	3,6	8,2	9,4	5,0	3,9	4,9	3,5	8,9	3,2
Subsidios, axudas directas e balance do IVE	1,6	4,3	5,9	4,4	2,1	0,0	0,0	0,0	5,8	4,7	5,0	7,6	4,9	0,0	1,3
Outros ingresos	0,1	0,0	2,4	0,6	1,5	5,2	8,5	0,0	4,4	3,5	7,5	0,0	0,1	0,8	0,8
Ingresos Totais	47,1	51,9	61,7	51,8	46,5	45,4	50,7	38,4	65,2	62,9	67,4	62,5	58,1	37,7	38,6
CUSTOS (€/100 kg ECM)															
Compra de animais	0,2	0,1	0,0	0,0	0,0	0,2	0,1	0,0	11,0	0,0	0,0	0,3	0,0	0,0	0,0
Sanidade animal e coidado dos pezuños	1,7	1,7	1,3	1,0	0,4	1,5	0,8	1,8	0,9	0,5	1,6	1,2	1,1	0,0	0,9
Inseminación e transferencia de embrións	0,6	0,5	0,6	0,4	0,8	0,8	0,5	0,4	1,0	1,3	2,1	1,6	1,2	0,2	0,8
Outros custos directos da produción animal	2,3	2,4	4,0	1,2	2,6	1,3	2,1	1,2	3,6	3,0	4,5	6,3	2,8	1,8	4,1
Compra de alimentos	16,8	8,8	17,0	9,9	8,0	8,7	8,5	7,1	11,5	17,3	12,7	17,6	11,2	9,2	12,6
Sementes	0,0	1,4	0,0	8,4	2,0	0,5	0,0	0,7	1,5	2,2	0,0	0,7	1,1	0,0	0,3
Fertilizantes	0,0	0,0	0,0	0,0	0,7	0,4	0,1	1,6	0,0	0,0	0,0	0,0	0,6	0,0	0,0
Pesticidas	0,0	0,1	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,8	0,0	0,0	0,0	0,4	0,0	0,0	0,0
Outros custos directos da produción vexetal	0,6	0,9	9,0	1,0	0,0	0,1	0,0	1,2	1,5	1,1	1,2	1,1	2,4	1,2	0,0
Custos directos	22,3	15,8	32,0	21,9	14,4	13,6	12,2	14,9	31,0	25,4	22,1	29,1	20,2	12,5	18,5
Custos salariais	3,3	5,8	1,3	7,7	0,7	0,8	2,1	7,9	5,5	7,8	7,0	7,7	2,9	6,7	2,5
Custo de oportunidade do traballo familiar	0,0	3,4	27,1	12,2	8,9	8,7	6,1	0,0	7,8	4,9	16,4	5,4	11,6	0,0	1,9
Contratos/aluguer de maquinaria	5,9	3,5	0,0	0,0	2,6	6,2	0,9	0,7	4,5	2,7	18,7	12,2	3,2	0,1	2,0
Conservación de maquinaria e vehículos	1,4	1,3	0,7	0,4	0,7	4,4	4,6	0,2	0,6	0,9	0,0	4,1	2,3	1,2	0,4
Fuel, lubricantes	0,7	2,1	1,3	0,0	1,8	1,4	1,4	1,3	1,4	1,7	0,2	1,5	1,9	0,1	0,7
Enerxía	0,8	1,9	0,0	0,0	0,8	2,8	1,7	1,1	1,1	1,5	1,6	1,5	1,7	1,8	0,8
Amortización de maquinaria e vehículos	1,5	2,7	3,5	2,5	3,9	2,1	4,7	1,3	1,3	4,5	4,5	5,4	4,6	0,0	0,8
Custo oportunidade da maquinaria e vehículos	0,4	1,0	0,8	0,8	2,0	0,2	0,6	0,1	0,5	1,5	1,3	2,0	1,9	6,6	0,3
Custo do traballo	14,0	21,8	34,6	23,5	21,4	26,5	22,0	12,6	22,7	25,5	49,7	39,8	30,0	16,5	9,5
Arrendamento da cota	0,6	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	1,1	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Supertaxa	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Custo de oportunidade da cota	0,2	1,0	0,0	0,0	0,0	2,7	2,5	0,1	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,1
Custo da cota	0,8	1,0	0,0	0,0	0,0	2,7	3,5	0,1	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,1
Mantemento de instalacións	0,0	1,6	0,0	0,0	0,4	1,1	0,9	0,5	1,6	1,5	1,5	2,2	2,3	0,0	0,5
Arrendamentos	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,4	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Amortizacións das instalacións	1,6	4,6	3,6	4,1	5,6	1,6	2,6	0,5	8,7	6,6	1,5	1,5	6,9	0,0	0,1
Custo de oportunidade das instalacións	1,1	3,7	1,7	2,2	1,8	1,5	3,0	1,1	7,0	4,4	1,5	1,4	4,0	3,7	0,1
Custo das instalacións	2,7	9,9	5,3	6,4	7,8	4,2	6,5	2,5	17,4	12,5	4,5	5,0	13,1	3,8	0,7
Arrendamento das terras	0,6	6,2	0,0	0,7	1,8	4,7	0,8	0,7	1,9	1,6	1,8	1,0	2,8	0,0	3,4
Custo de oportunidade da terra	0,0	3,2	4,5	2,8	0,0	3,3	5,3	0,2	0,2	0,0	1,2	0,0	1,4	0,0	0,0
Melloras en parcelas, drenaxes, accesos	0,0	0,0	0,0	0,0	0,4	0,0	0,0	0,0	0,3	0,1	1,5	0,3	0,2	0,0	0,0
Contribucións e cargas	0,0	0,2	0,0	0,0	0,0	0,4	0,5	0,3	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,3	0,0
Custos da terra	0,6	9,6	4,5	3,5	2,3	8,3	6,6	1,1	2,4	1,7	4,5	1,3	4,5	0,3	3,4
Outros custos	2,4	2,2	4,1	4,5	4,3	2,9	1,7	0,5	3,4	6,0	1,5	3,5	4,1	0,0	1,5
Custos Totais	42,8	60,3	80,6	59,8	50,1	58,3	52,5	31,6	76,9	71,1	82,3	78,8	72,0	33,1	33,7
Custos efectivos	37,1	39,6	38,1	34,0	26,4	37,6	27,1	26,6	49,6	47,4	54,2	61,5	39,4	19,7	29,3
Amortizacións	3,1	7,3	7,0	6,6	9,9	3,7	7,3	1,8	10,1	11,2	6,2	6,9	11,6	0,1	0,9
Custos de oportunidade	2,6	13,5	35,4	19,2	13,8	17,1	18,1	3,1	17,2	12,4	22,0	10,4	21,0	13,2	3,5
RESULTADOS (€/100 kg ECM)															
Renda Familiar	6,9	5,0	16,6	11,2	10,1	4,2	16,2	10,0	5,5	4,3	7,0	-5,9	7,2	17,9	8,4
Beneficio (sen primas desacopladas)	4,3	-8,4	-18,8	-8,0	-3,7	-12,9	-1,9	6,8	-11,7	-8,1	-15,0	-16,3	-13,8	4,7	5,0
Beneficio (con primas desacopladas)	7,5	-3,2	-9,6	-1,0	2,9	-8,3	1,4	9,5	-7,7	-4,0	-6,1	-10,2	-9,6	4,7	8,2
Limiar de rendibilidade I (sen custo da cota)	33,6	37,5	31,5	30,6	27,5	33,3	21,2	20,2	40,1	45,4	44,0	55,9	42,4	10,2	24,9
Limiar de rendibilidade II (sen custo da cota)	36,0	49,9	66,9	49,8	41,3	47,7	36,9	23,3	57,3	57,9	65,9	66,3	63,4	23,4	28,3
Retribución do traballo (sen primas desacopladas) (€/hora)	11,5	2,0	5,1	7,1	9,5	-6,9	15,9	9,7	3,0	8,8	7,8	-5,8	1,2	1,1	25,2

Táboa 37. Razóns das diferenzas de custos e ingresos nas explotacións ecolóxicas da EDF en 2011

	DE-1	DK-1	GZ-1	GZ-2	FR-1	NL-1	NL-2	PL-1	SE-1	SE-2	SE-3	SE-4	SE-5	UA-1	UK-1
DATOS XERAIS															
Superficie total (ha)	181	0	48	41	263	59	122	2490	230	342	118	158	103	700	267
Superficie arrendada (%)	100	0	0	30	100	63	18	70	51	43	58	40	58	100	100
Traballadores familiares	0,0	1,0	2,5	1,0	3,0	0,9	1,2	0,0	2,0	2,0	1,5	0,7	2,0	0,0	1,5
Traballadores asalariados	4,8	3,5	0,0	1,0	1,2	0,1	0,4	86,0	1,5	2,0	1,0	1,0	0,5	89,0	2,0
Número de vacas	181	301	49	41	159	73	148	766	155	134	44	65	67	468	350
PRODUCCIÓN DE LEITE															
Produción leite (t ECM/ano)	1519	2341	257	228	1175	507	1020	5562	1250	1298	444	590	688	919	2216
Leite para industria (t ECM/ano)	1404	2269	256	227	1123	507	973	5203	1193	1230	424	559	652	743	2166
Contido de graxa (%)	4,08	3,98	3,57	3,9	4,4	4,51	4,49	4,18	4,17	3,93	3,9	4,05	4,01	3,5	4,38
Contido de proteína (%)	3,14	3,3	3,07	3,1	3,52	3,53	3,54	3,38	3,37	3,24	3,19	3,38	3,24	2,8	3,3
Rendemento (kg ECM/vaca)	8390	7791	5252	5561	7388	6942	6895	7261	8067	9662	10028	9076	10271	1963	6331
Frecuencia diaria de muxidura	3	2	2	2	robot	2	robot	2	robot	robot	2	robot	robot	3	2
USO DO SOLO															
Superficie forraxeira (ha)	170	361	48	41	224	59	122	512	230	257	112	138	103	294	267
Superficie forraxeira arrendada (%)	100	60	0	30	100	63	18	83	51	57	57	46	58	100	100
Prados (% superficie forraxeira)	100	4	94	85	5	90	100	11	13	21	17	19	3	0	13
Labradío (% superficie forraxeira)	0	51	6	15	18	10	0	88	43	37	34	81	49	100	0
Carga gandeira (vacas/ha)	1,1	0,8	1,0	1,0	0,7	1,2	1,2	1,5	0,7	0,5	0,4	0,5	0,7	1,6	1,3
Produtividade terra (kg ECM/ha)	8933	6486	5350	5534	5244	8541	8387	10863	5436	5049	3977	4275	6707	3126	8299
MAN DE OBRA															
Produtividade traballo (horas/vaca)	55	34	98	94	46	34	27	111	43	50	108	50	61	199	24
Produtividade do traballo (kg / hora)	152	232	54	59	161	206	253	66	189	194	93	182	168	10	267
CAPITAL															
Total (sen terra nin cota) €/vaca)	3976	8661	4008	4647	7085	3994	7079	4985	13174	13315	8705	9113	15404	2036	2106
Maquinaria (€/vaca)	740	1674	905	969	3025	267	955	182	853	2931	2575	3622	3735	1007	400
Construcións (€/vaca)	1535	5003	1459	2024	2029	2597	5002	1838	9061	6735	2402	1956	6460	564	67
Gando (€/vaca)	1105	1336	1643	1654	1833	1129	1122	1344	1693	1735	1550	1466	1685	279	1640
Participación en cooperativas	218	0	0	0	197	0	0	0	251	657	278	352	480	0	0
Outros (€/vaca)	596	648	0	0	197	0	0	1621	1568	1914	2179	2069	3524	186	0
Produtividade capital (kg/1000€)	2110	900	1311	1197	1043	1738	974	1457	612	726	1152	996	667	964	3006
MANEXO DO RABAÑO															
Idade ao primeiro parto (meses)	30	26	26	26	34	30	27	27	27	27	27	29	24	31	24
Intervalo entre partos (días)	435	379		380	415	423	426	422	370	395	398	369	386	405	385
Taxa de eliminación das vacas (%)	21	24	18	15	23	37	31	35	44	34	38	34	45	22	17
Produción na vida útil da vaca (kg)	36000	39826			22188	33935	27801	28200	19800	17021	28800	24000	20200	0	40000
Mortalidade dos xatos (%)	19	11	7	7	16	25	27	13	6	10	17	18	1	8	14
ALIMENTACIÓN															
Consumo concentrado (kg/vaca día)	7,5	6,9	4,4	3,2	3,4	6,2	3,4	4,4		7,1		7,6	8,2		3,7
Produtividade concentrado	3,1	3,1	3,2	4,8	5,9	3,1	5,6	4,5		3,7		3,3	3,4		4,7
Leite producido sen conc. (kg /vaca)	2898	2788	2020	3224	4885	2418	4429	4062		4466		3538	4277		3611
PREZOS															
Leite (€/100 kg ECM)	41,2	42,5	48,0	41,8	37,6	37,5	38,5	30,1	45,6	49,7	51,0	50,0	49,6	28,1	33,4
Vaca de sacrificio (€/ kg peso vivo)	0,90	0,00	0,50	0,50	1,34	0,91	0,92	0,67	1,53	1,14	0,78	1,53	0,91	0,80	0,98
Xatos (€/xato)	112	107	50	60	103	114	111	124	181	146	210	116	221	127	47
Arrendamento da terra (€/ha)	47,6	653,7	0,0	135,2	92,9	637,4	359,7	80,4	193,9	131,3	121,4	87,9	308,3	0,0	276,6
Salarios (€/hora)	4,6	19,2	0,0	9,1	9,5	19,5	19,6	4,9	25,0	23,3	16,5	22,3	22,5	0,6	11,7
Venda da cota (€/kg, 4% de graxa)	0,09	0,23	0,00	0,00	0,00	0,68	0,68	0,01	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,03
Concentrado (€/t)	0	460	436	370	665	244	326	391	0	616	0	489	500	0	403

Aínda que o número de explotacións ecolóxicas da EDF é escaso, pódense apreciar grandes diferenzas entre elas. Ao considerar os datos individualizadamente, obsérvase que só catro teñen beneficio sen primas desacopladas: a alemá (DE-1), a británica (UK-1), a de Ucraína (UA-1) e a de Polonia (PL-1), que son as que teñen os custos totais máis baixos. Incluindo as primas desacopladas, o número de explotacións con beneficio elévase a seis. Ademais das anteriores, están a francesa (FR-1) e unha das holandesas (NL-2).

Nos resultados das explotacións galegas, aínda que teñen unha renda familiar relativamente alta, inflúe negativamente o peso da man de obra familiar e o seu pequeno tamaño. De feito, a GZ-1 ten o custo do traballo máis alto, aínda que como xa se dixo está sobreestimado (Táboa 36).

As explotacións suecas son as que reciben un prezo máis alto polo leite e as que teñen maiores ingresos. Tamén son as que teñen uns custos totais máis altos, xunto coa galega (GZ-1). Todas teñen perdas e na SE-4 mesmo a renda familiar é negativa.

Os custos directos máis baixos corresponden ás explotacións holandesas e á ucraína e os máis altos á galega GZ-1 e á sueca SE-1, aínda que por razóns diferentes, pois na sueca débese a unha elevada compra conxuntural de animais.


As explotacións suecas SE-1, SE-2 e SE-5 son as que teñen os custos de instalacións máis altos. En Holanda e Dinamarca páganse os prezos máis altos pola terra e en Alemaña e Ucraína os máis baixos. O custo da cota só ten algunha importancia nas holandesas.

Os bos resultados das explotacións ucraína, polaca e británica explícanse polos seus baixos custos de produción, aínda que por diferente causa. Así, a ucraína ten os custos directos e da terra máis baixos, mentres a británica é a que presenta menores custos laborais e de instalacións e a produtividade do traballo máis alta. Con todo, a marxe de mellora da ucraína é moi grande á vista dos seus indicadores de eficiencia. O seu rendemento leiteiro de 1.963 kg ECM/vaca non xustifica as tres muxiduras diarias e tanto a produtividade do traballo (199 horas/vaca e 10 kg leite/hora) como a produtividade da terra (3.126 kg ECM/ha) son moi baixas. Trátase dunha vella explotación colectivista que se tenta adaptar á nova situación e ten dificultades para financiar a súa remodelación (Táboa 37).



7.5. Metodoloxía EDF para a comparación de custos de produción

Para a comparación anual de custos de produción da EDF utilízanse os datos subministrados polas explotacións individuais. O seguinte gráfico mostra como se define a actividade leiteira da explotación, da que forman parte a recría e a produción de forraxes.



7.5.1. Cálculo do custo de produción

Os datos recóllense mediante un cuestionario específico que é cuberto polos participantes na análise unha vez ao ano. Pregúntase polos valores monetarios da conta de perdas e ganancias e do balance do último exercicio contable da totalidade da explotación para mostrar a porcentaxe de gastos e ingresos que corresponden á actividade leiteira. Adicionalmente recóllense tamén as cifras relativas aos factores de produción, rendementos e información xeral sobre o sistema de produción da explotación. Todos os datos se introducen no modelo de cálculo da EDF que os procesa paso a paso:

- 1) Todos os valores monetarios convértense en euros, conforme os tipos de cambio publicados por EUROSTAT.
- 2) Os valores monetarios axústanse de acordo coa regulación do IVE de cada país aplicada á explotación.
- 3) Para comparar as amortizacións e activos (maquinaria e equipamento, edificios e instalacións), as cifras son corrixidas polo valor de reposición, utilizando os factores de axuste de cada país, calculados conforme as taxas de inflación publicadas por EUROSTAT.

- 4) Os custos efectivos e as amortizacións da actividade leiteira son calculados multiplicando os datos da conta de perdas e ganancias do conxunto da explotación pola porcentaxe que corresponde á actividade leiteira segundo se declara no cuestionario. Non se considera a amortización da cota nin os xuros pagados.
- 5) A remuneración dos factores de produción fornecidos polos propietarios calcúlase da seguinte maneira:
- Man de obra familiar: as horas de traballo multiplícanse polo salario bruto medio nacional dun traballador cualificado por hora, que inclúe os custos non salariais.
 - Terra propia: multiplícase a superficie en propiedade pola renda media pagada polas explotacións da comarca.
 - Para a cota láctea propia: a cantidade de cota en propiedade da explotación multiplícase polo prezo medio de compra da cota na comarca e o tipo de xuro medio nacional.
- 6) O custo das débedas de capital e o capital propio investido calcúlase multiplicando o valor imputado aos activos (maquinaria e equipamento, edificios e instalacións, gando, capital circulante e outros, salvo terra e cota láctea) polo tipo medio de xuro do país.
- 7) A produción de leite da explotación axústase para un contido do 4% de graxa e 3,4% de proteína, e exprésase en ECM (Energy-Corrected Milk). A fórmula utilizada está tomada de Huber Spiekers and Volker Potthast "Erfolgreiche Milchviehfütterung", DLG-Verlag, 2004:

$$(0,38 \times \text{fat-percent} + 0,21 \times \text{protein-percent}) + 1,05 \times \text{milk-kg} / 3,28 = \text{ECM-kg.}$$

A continuación todos os custos e ingresos da actividade leiteira divídense pola produción de leite en ECM.

7.5.2. Cifras clave da comparación de custos de produción da EDF para explotacións leiteiras

O seguinte gráfico ofrece unha visión de conxunto da composición dos custos e ingresos da actividade leiteira e das cifras clave da parte económica da análise da EDF.

O cálculo das cifras clave e o seu significado é o seguinte:

Renda familiar da explotación:

= Ingresos totais – Custos efectivos – Amortizacións

= Renda do produtor e da súa familia, despois de cubrir os custos efectivos e as amortizacións e que se destina a remunerar o traballo familiar, os xuros do capital e a cubrir os custos de oportunidade dos factores fornecidos polo propietario (terra e capital propios)

Beneficio empresarial I (excluídas as primas desacopladas)

= Ingresos totais – Custos totais

= Beneficio sen primas desacopladas, unha vez cubertos todos os custos

Beneficio empresarial II (excluídas as primas desacopladas)

- = Ingresos totais – Custos totais + Primas desacopladas (imputadas pola porcentaxe da superficie forraxeira)
- = Beneficio con primas desacopladas, unha vez cubertos todos os custos

Limiar de rendibilidade I (sen o custo da cota)


- = Custos totais – Custos estimados – Arrendamento da cota e supertaxa – Ingresos non procedentes do leite
- = Prezo do leite que cobre os custos efectivos e as amortizacións, sen o custo da cota.

Limiar de rendibilidade II (sen o custo da cota)

- = Custos totais – Custos da cota (arrendamento, supertaxa e custo de oportunidade da cota) – Ingresos non procedentes do leite
- = Prezo do leite que cobre todos os custos, sen o custo da cota.

Remuneración do traballo (excluídas as primas desacopladas)

- = Beneficio empresarial + Custos de persoal + Remuneración estimada da man de obra familiar /Horas traballadas totais
- = Remuneración potencial da hora de traballo



7.5.3. Tipos de cambio

Utilizáronse os seguintes tipos de cambio (1 Euro = unidades da moeda nacional).

País e moeda			2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011
Zona euro	EUR		1	1	1	1	1	1	1	1
República Checa	CZK	Coroa checa	31,89	29,78	28,34	27,77	24,95	26,44	25,28	24,59
Dinamarca	DKK	Coroa Danesa	7,44	7,45	7,46	7,45	7,46	7,45	7,45	7,45
Polonia	PLN	Novo Zloty	4,53	4,02	3,90	3,78	3,51	4,33	3,99	3,99
Suecia	SEK	Coroa sueca	9,12	9,28	9,25	9,25	9,62	10,62	9,54	9,03
Suíza	CHF	Franco suízo	1,54	1,55	1,57	1,64	1,59	1,51	1,38	1,23
Ucráina	UAH	Hryvna	6,61	6,39	6,34	6,92	7,71	10,87	10,53	11,00
Reino Unido	GBP	Libra esterlina	0,68	0,68	0,68	0,68	0,80	0,89	0,86	0,87
Australia	AUD	Dólar australiano					1,74	1,77	1,44	1,35
Canadá	CAD	Dólar canadense								1,38



7.5.4. Salarios

Utilizáronse os seguintes custos laborais por hora (incluídos os custos non salariais) para estimar a remuneración da man de obra familiar.

País e moeda		2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011
Zona euro		Salario por hora							
Alemaña Occidental	EUR	16,0	16,1	16,3	16,5	16,8	17,2	16,9	16,9
Bélxica	EUR	13,4	13,8	13,9	14,1	14,5	14,5	14,5	15,1
Eslovaquia	EUR	3,1	3,2	3,4	3,8	4,2	4,4	4,52	4,77
España	EUR	11,1	11,4	11,9	12,4	13,0	14,0	14,2	14,5
Francia	EUR	14,0	14,0	14,0	14,0	14,5	14,8	15,0	15,35
Holanda	EUR	18,0	18,0	18,0	18,0	18,3	18,5	19,0	19,7
Irlanda	EUR	10,0	11,0	13,9	14,0	13,0	11,0	11,0	11,0
Italia	EUR	10,0	10,1	10,2	10,3	9,2	9,2	9,63	9,63
Luxemburgo	EUR	15,0	15,0	15,0	11,5	15,0	15,0	15,0	15,0
Portugal	EUR							5,0	5,5
Zona non euro		Salario por hora							
Dinamarca	DKK	150,0	150,0	150,0		150,0	180,0	182,0	182,0
	EUR	20,2	20,1	20,1		20,1	24,2	24,44	24,43
Polonia	PLN	6,9	7,2	7,5	7,5	8,0	12,0	13,0	13,0
	EUR	1,5	1,8	1,9	2,0	2,3	2,8	3,25	3,15
Reino Unido	GBP	10,0	10,0	10,0	10,0	10,0	10,0	10,0	11,0
	EUR	14,7	14,6	14,7	14,6	12,6	11,2	11,66	12,67
República Checa	CZK		129,0	129,0	130,0	132,0	132,0	132,0	132,0
	EUR		4,3	4,6	4,7	5,3	5,0	5,22	5,37
Suecia	SEK	171,0	174,5	173,1	184,0	192,0	200,0	205,0	210,0
	EUR	18,7	18,8	18,7	19,9	20,0	18,8	21,49	23,26
Suíza	CHF	25,0	26,0	26,0	26,0	27,0	28,0	28,0	28,0
	EUR	16,2	16,8	16,5	15,8	17,0	18,5	20,28	20,72
Ucráina	UAH				7,5	7,6	7,6	8,58	8,58
	EUR				1,1	1,0	0,7	0,81	0,81
Australia	AUD							40,0	40,0
	EUR							27,72	29,66
Canadá	CAD								12,0
	EUR								8,72

Fonte: EDF STAR Team

CONCLUSIONES



En Galicia, o prezo do leite en 2011 foi superior ao de 2010 ao longo de todo o ano e, salvo nos dous primeiros meses, tamén ao de 2009. Seguiu a mesma tendencia que o prezo medio en España e aínda que continúe a ser inferior, a diferenza tende a se reducir. A partir de xuño de 2010 comezou a retroceder respecto do europeo que, historicamente, foi sempre inferior.

Aproximadamente o 83% das explotacións, que comercializa arredor do 49% do leite de Galicia, recibiu un prezo inferior ao da media xeral.

A carga gandeira das explotacións non variou respecto do ano anterior, mais como o rendemento leiteiro aumentou, tamén o fixo a produción de leite por unidade de superficie e por explotación. Aínda que o consumo de concentrado aumentou, fíxoo en menor medida que o rendemento leiteiro por vaca, o que significou unha mellora da relación entre o consumo de concentrado e a produción leiteira.

O gasto en concentrado elevouse non só polo aumento do seu consumo senón tamén pola alza do seu prezo, que alcanzou máximos inéditos e provocou que a relación entre o prezo do leite e o do concentrado atínxise un mínimo histórico.

Tanto a marxe neta como o beneficio experimentaron un lixeiro aumento respecto de 2010 debido ao incremento do prezo do leite, malia que o custo de produción aumentou, tanto polo incremento dos custos variables como dos de oportunidade.

Entre 2007 e 2011 tanto a marxe neta como o beneficio experimentaron unha drástica caída, debido á evolución de custos e ingresos. Porén, a evolución dos índices nese período demostra que unha redución do consumo de concentrado non ten por que supor unha baixada do rendemento leiteiro.

Apenas existen diferenzas de tamaño entre as explotacións de cabeza e as de cola; aínda que as primeiras son máis intensivas e teñen un rendemento leiteiro máis alto, unha produción por unidade de superficie maior e unha relación mellor entre concentrado consumido e produción de leite, malia ser maior o consumo de concentrado. Ademais, como o prezo que recibiron polo leite foi superior e o que pagaron polo concentrado inferior, os seus ingresos tamén foron superiores e os seus custos menores.

Na realidade, todas as explotacións seguen unha estratexia de intensificación produtiva e a maior tamaño, maior é a intensificación. Por conseguinte, as explotacións de cabeza teñen mellores resultados porque están mellor xestionadas desde o punto de vista económico e son, tecnicamente, máis eficientes. Neste sentido, a menor intensificación produtiva pode ser indicativa, simplemente, da infrautilización dos recursos dispoñibles na explotación.

As grandes diferenzas observadas no prezo do concentrado son explicables porque se trata de calidades moi distintas ou porque se inclúen as mesturas húmidas e, polo tanto, as magnitudes non son comparables.

As explotacións galegas son moito máis pequenas que a media da EDF, tanto en superficie como en número de vacas e produción de leite. Os seus custos, que xa eran superiores aos da media xeral da EDF, seguiron aumentando en 2011, o que significa unha perda de competitividade. Por outra parte, obsérvase un empeoramento da produtividade do traballo, que xa era inferior en 2010.

Os resultados das explotacións galegas da EDF son inferiores aos da media da EDF tanto en termos de renda familiar como en beneficio, con e sen primas desacopladas, e os dous limiares de rendibilidade son peores. En relación con Cataluña e Castela-

León, Galicia ten unha renda familiar máis alta, así como mellor limiar de rendibilidade I; mais o beneficio, con e sen primas desacopladas, é inferior e o limiar de rendibilidade II, peor.

Respecto a 2010, os custos directos experimentaron unha suba que duplica porcentualmente a media da EDF, debido ao incremento do gasto na compra de alimentos, que xa era máis elevado e que tamén aumentou máis que a media da EDF. Aínda que o rendemento leiteiro por vaca aumentou, a carga gandeira e a produtividade da terra diminuíron, o que indica que o grupo das explotacións galegas da EDF non seguiu unha estratexia tan intensificadora como as pertencentes ás Axes.

Só o grupo de cabeza, constituído polo 25% das mellores explotacións da EDF, logrou ter beneficio en 2011, o que evidencia a difícil situación que atravesamos o sector lácteo en toda Europa.

A evolución dos resultados entre 2008 e 2011 revela que as explotacións galegas da EDF, nas que apenas variou a dimensión e nas que o rendemento das vacas medrou menos que a media europea, mantiveron os seus custos de produción bastante controlados ata 2011, ano en que experimentaron un incremento moi superior ao do resto de Europa. Ao mesmo tempo, o prezo do leite e os seus ingresos retrocederon ata situarse, por primeira vez, por debaixo da media da EDF.

A produción ecolóxica de leite, ademais de ser minoritaria, parece tender a estancarse. Aínda que dentro das explotacións ecolóxicas se poden apreciar grandes diferenzas, o seu volume de produción é inferior ao das convencionais porque tamén o é o seu tamaño, o rendemento leiteiro das vacas e a carga gandeira.

No conxunto da EDF, as explotacións ecolóxicas teñen peores resultados que as convencionais porque, aínda que os seus ingresos son superiores, todos os seus custos tamén o son.

A única diferenza das explotacións ecolóxicas galegas respecto das da EDF é que a súa renda familiar é superior á das convencionais, mais o seu beneficio, como nas da EDF, é menor, e niso inflúe negativamente o seu pequeno tamaño e o peso da man de obra familiar.

galicia



XUNTA
DE GALICIA